ANTONIO NORIEGA VARELA

D'O ERMO

(ESCOLMA)

EMIA
A
UÑA
78
eca

PUBLICACIÓS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1969

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
30647
30376
Biblioteca

A mi querido amigo
Enrique Chao como cronis-
ta oficial de la ciudad
le envio este libro con
el cariño de la corpo-
ración.

Vivero 29-V-69

Amein

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE VIVERO - ALCALDIA -

R. 1547

ANTONIO NORIEGA VARELA

D'O ERMO

(ESCOLMA DA EDICIÓN LUGUESA)

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT

PUBLICACIÓS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1969

Depósito legal: C - 199 - 1969

Imprenta e Editorial MORET - Galera, 48 - A Cruña. 1969

ANTONIO NORIEGA VARELA

(* 1869 — † 1947)

VERBAS LIMIARES

NORIEGA VARELA

I

OS VIEIROS E MAILAS HORAS DUN MINDONIENSE DE CERNE RAIGAÑA

Don Antonio Noriega Varela foi home rexo e ledo, barudo e pousón, gostante dos engados do vivire sensoal e barroco da antiga e labrega aldea e das vilas ben franqueadas ó latexar sempre unha miga misteriosa da campía. Non houbera —il verdadeiramente dado cos amigos— aturado unha sociedade, brilante e sán pro pexada polo pragmatismo, nin tampouco unha comunidade ó estilo xansenista de áspra moral desconfiada da rosa e da cántiga. Seu fino esprito, coltivado nas aulas pro millor esfarnado no trato dos poetas e na soedade, sentiu decote o feitizo da beleza espirtoal lembrada e pormetida. Por il agardaba. En certos e miudos acordes de paisaxe, na fontela cantigando baixiño no parpadexar derradeiro da estrela da mañán. Nas falas saloucantes ou riseiras do sagro lume petrucial, nos vagos ecos latexos de ás anxélicas no vagantío dos ermos. Pouco lle dicían a beleza das abstraccións requintadas e a rexa e locente ordeación lóxica. Aentramas saudóu con respeto e curtesía, mais de lonxe, nos seus estudos no seminario mindoniense. Como a lorxáas e coase maxinadas serras no hourizonte cuio manto de candura e friaxe especulativa o arripiaba. Pois de ben mociño —nas antigas vilas bispales as adolescencias son madrugueiros lirios, delorosos, namorados— amaba a bica como un sol de outono enfornada pola muller aldeán como unha soante carballeira latexante de risas e medos, retesias e leendas, a beleza engaiolada nun epiteto de Ovidio, a paixón rolante como o lonxano trono ou a foula elexiaca no longo verso de Anthero... E, quezais sin o procurare, adiantándose ó noso esquema, teñen acodida a istas páxinas lembradoiras os dous poetas mais amados de Noriega nos seus anos mozos...

Sempre dicía, rematados os comentarios que il formaba amodiño sobre poetas, con moito gosto, manexando con tino os esquemas

clásicos, endexamais esquencidos e o saber seu «do oficio», ser o mais grande poeta o Povo. Como os románticos das xeneracións de Pastor Díaz e Neira de Mosquera tiña Noriega fé no esprito das vellas razas e xentes de armoñosos menceres. Non alentaba, perto do castro, no lume lustral e pondaliano. Escollía o cantar barudo das seituras. O quente soar, tenro ou bulreiro, do muiño, dicíanlle mil caladas cousas, o ramo frolido do pirliteiro nas neboeiras marzás, o reflexo das aves pasaxeiras nos illós e cando se afastaba un pouco aquila «alma miña xentil» da poesía, rexoubaba ca xente moza, de maneira que se facía dono das chaves millor gardadas da confianza dos labregos, e de artes e engados namoradeiros de rapazas sabía mais do que un bon xograr ou crego goliardesco dos bos tempos agromados de amores.

Coidamos que o xenio dun antergo abó profeso nos contos do lar, un pilingrín sempre gostante de camiñar en boa compaña, sin bulir demais por chegaren ó fito pormetido, e mais o arelar dun monxe enfeitizado pola soedade, enteiraban sin rifaren de máis, en difrentes proporciós, o ser do poeta. Monxe, non pouco imaxinado, dos tempos primeiros cando ainda as serpes tristeiras e atentadoiras da paganía bufaban arredor da ara. Ou, moitos tempos andados, cando a Galiza semellaba un de aquiles retábulos, bulidoiros e inzados de grorias e de medos, que inda locen como poentes de outono nos fondos das naus batidas polo vento dos orgaos. E todolos engados da campía queimaban seus dons arredor das sinxelas eirexas e santiñas ermidas... Sensoalidade, moi galega e non pouco de humanista, poutas afeitas a coller «sin abanear a roseira» a frol do amor como o do pomareiro, ningunha recompensa nin folganza no diñeiro e a metódica das horas. E sempre, en Noriega unha porta franqueada, incirrante, saudosa, ós dispaciosos vieiros do ermo.

O Mondoñedo das mocidás de Noriega gabábase do vivir fidalgo e curtesán das xentes de vella data, do esprito sotil, irónico, sentencioso dos artesáns de probados gremios, do sucedérense das horas e sazós guiadas polos ritmos canónicos da antiga catedral nai e prioira. Convén pousar unha miga na natureza da proverbial curtesía do poeta. Era ó mesmo tempo un belido arte, exercitado co pracer de bó executante, as veces como amparanza e defensa, e un tributo á xentil cidade nai, en cada conversa, en toda relazón humán. A cidade de seu curtés no estrado e na praza, nas chamadas amantes das campás. Ainda as funciós relixiosas gardaban o engado coorista e coral, da ópera co prestixio da capela de música e a beleza da retórica dos leedoiros. Como o ramo en frol das artes liberás ofercido

á «divinal Teoloxía». Era Noriega de xente antiga na cidade. Gostaba cando vello de falar da casa natalicia, xeitosa, gasalleira, con acera de mármore de Sasdónigas. Mais do que inmerso, profeso, cal ningún outro poeta galego na aldea, sempre quixo gardar o senso cidadán como os antigos aristócratas arroinados pola Revolución locen nas Letras —en Balzac, en Gobinean, en Barbey d'Huvevilly— a curtesía do dourado salón Lois XV.

No tocantes a Mondoñedo Noriega foi un arquivo, un códice, un cancioneiro, un fardel de refráns, un arcaz de tesouros de vidas e caraiteres, unha rebotica de malicias, sancristía de contos, aula rexoubeira e xardín de tenruras. Moi cativo foi o que fica na obra. Mais sorte tivo a montana que leva no colo e agasalla como único e belido «hortus clausus» a belida cidá de San Rosendo.

Noriega houbera soscrito a gabanza de Leiras Pulpeiro:

> «Abóndalle pra honrárese e que a honren
> a casiña onde emburullano a Veiga,
> a fontiña onde mais cantan as mozas
> e onde il as escuitaba: a Fonte Vella,
> i o campiño frolido onde seus osos
> da patria agardan a cumprida ofrenda»

Pro Noriega houbera posto dinantes algús salaios da súprica a Virxe dos Remedios cando sin ampraro ficóu polo pasamento da doce nai:

> .....
> A miña nai —sant'amiga,
> que de Dios goce no ceyo—
> Xa saberás que a levaron
> tras d'a Cruz pro cemiterio;
> y-ora si Tu no m'amparas
> desamparado me vexo,
> y-ora si non me recolles
> quen me recolla non teño
> .....

Sempre os muiños e lavadoiros, as umbrías e as festas dos xiros e arrabaldos das vilas escolásticas son perigosos pros mociños donceles arelantes do especulativo glaciar centileante ou de profesa mañán ascética. Pascua do Dr. Fausto, arredores de Tubinga, de Compostela, de Coimbra. Mociñas carpazonas de Labrada e Gomariz descidas cedo a Mondoñedo levando a paganía da mañán no leite fresco das olas non ríron nin tiveron mágoa de mirar o mociño Noriega, ca

vista baixa na teoría dos pálidos tiólogos, dende as Súmulas sabía chiscárlles o ollo. Nas Humanidás o latín plástico e quente de Ovidio, seu verso de ulido de loira cabaleira en cachoeira desfeita en arcos de armoñosos brazos incirrantes, guiárono ó lucus onde a sede de amor enxamais se creba. Adeprendéu a Retórica, galantería e etiqueta das Letras, cun bon mestre esmaltado de saberes, D. Xulián de Diego y Alcolea, moitas anadas despois cando arcibispo compostelán envolveito en luxos como na aula en metáforas. Un anel de enerosa montana, loureada e alba, leva no colo a Mondoñedo e o agasalla con riseiros dentes como unha moza aldeán o fino neniño embrullado en mimos da Casa Grande. Ben logo o estudante Noriega calcaba ledo após de turreiros e mallas e do misterio antigo e novo das fontes os vieiros soellosos da montana... O que seguíu é ben sabido. Deixar o sombreiro de estudante clerical de «corno pra diante», a estoupante festa do casorio e na falencia de outras axudas, sin gosto pola ordinarieza dos traballos bastos, pois tamén o latín fortece o señorío, rubir pro viaxe da vida na escanastrada e simpática carrilana do maxisterio de entón. E Noriega foi escolante, o comén e por moito tempo de «derechos limitados» e profesou como na fonda e rumorosa carballeira no vivir aldeá. Compracíase nil algún esencial e interno degoiro. E Noriega foi mestre na salgada vila mariñeira de Foz, pouco tempo en Calvos de Randín, xiado logar de serra, onde foi chimpado por unha vinganza de cacique. Acougóu moitos anos en Trasalba, bocarribeira de ermos e centeeiras, fino agromar de froitos e cantigas, onde compuxo ou puxo o loureiro ós seus millores poemas. Saudades luguesas e vencellos familiares levárono a sociedá dos luares bidales de Santa María Madanela da Graña de Villarente. Tíñase feito mestre numerario en Ourense. E o esdenoso das regalías da riveira tivo sua escola derradeira no esteiro do Landrove, envolveito na cariza do mar e xubilado acolleu sua velleza a Viveiro. Tivo seu pasamento os 78 anos. A mocidá no enterro adicoulle fermosas coróas de «froliñas dos toxos». A frol do toxo, un pouco verdecente como o ouro dos torques alumea no monte o empardecer, e foi piadosa locindo no derradeiro camiño do vello pilingrín dos ermos e sua severa arcadía e tamén das festas e esparexementos camperíos. Agás do Portugal do Norte tamén sua patria pola saudade e a amizade, Noriega esdenando algún viaxe moceiro a Asturias, saíu duas vegadas da Galiza e xa vello entramas: unha a León, a casa de unha filla, outra a Santander. En León morría de pena, cárcele outa de vento o enxoiteza. Moi ledo na verde montana disfroitaba cos amigos novos e ademirativos da alegría

das terrazas dos cafés noiturnos diante a longa vibración da bahía, esquencido da gravidade do curso de pedagoxías, motivo do viaxe... Moi doce e amante ca familia tivo no fogar gozosas recompensas e xiadas soedás. A primeira dona, fermosa «carpazona», fina, morréu, ben nova en Trasalba. Deixoulle duas fillas, de ben difrentes pro as duas de adimirables caraiteres. Co novo matrimonio en Trasalba con doña Dorinda Alvarez, de moita descendenza sempre con amor morneada no lume petrucio da memoria do pai, tivo o poeta aquila paz e confianza por os seus versos, con emoción e respeto invocada nos fogares probes e exemprares dos brañegos. Latexa en Noriega unha forte e soante corda da lira labrega da Galiza, nin denantes nin após de il pulsada. Non pide reivindicacións, espavéntalle o trocamento do vivir aldeán. Somente alenta na seguranza sagra do vivir tradizoal da montana. Perfeito equilibrio. Semella, cas tónicas diversas da lei moral ó ideal dos teorizantes de Esparta. Pra Noriega unha Arcadia cristiá. Non o dí pro sinte e prefire arredor das frentes galegas o voar silandeiro das aas do mito. Labregos de Noriega. Labregos traballados nos retábulos campesíos. Cada un compendio e refrexo da historia. E quen asín pensaba era quen millor atontiñou deica o cerne da ialma labrega.

II

ARREDOR DO SENTIDO DO ERMO NA POESIA DE NORIEGA

Debemos fortecer os datos. Noriega ten formado dous libros de poemas. Entramos con moito tino, coidadosamente. «Montañesas, II edición correxida e aumentada, de Mondoñedo, imprenta de César G. Seco, 1910 (a primeira da mesma cidá e 1904 non se descobre por ningures): «D'o Ermo», Losada, Risco e Noguerol, Editores, Ourense, imprenta de Antonio Otero, 1920. Houbo despois outra de Mondoñedo. Non cambean o sistema poético e tipográfico de unha obra de fonda e raiolante unidade pro como en todo ente vivente animada pola arelanza de trunfo das esenzas e o rigore artístico que esquece as mestas e gabadas composicións reflexo de comprexos e tipos populares de moita latitude en «Montañesas» e fortece o lume pouco e de ardente e pura lapa de unha poesía esencial. En Noriega, esprito gostoso da clásica mensura, grimoso de inritare con novidás as nais o abandóo do «costumismo» —que il praiticaba de xeito que seus poemas «descriptivos» medran cada día en intrés etnográfico—

decrara fina conciencia do arte e da verdade galega. Comprida con obras, pequenas obras primas, lonxe de revoltas e procramas. Enteiran entramos libros 99 (51 «Montañesas»: 48 «D'o Ermo»), pro algús e deles moi valiosos, en xunto 19 decorren do primeiro o segundo. Semella doado o isolar e calcular as custantes de Noriega, eisixente no compoñer, sintetista pro lonxe de calquera vaidade de apotegmática ou sentenciosa fórmula. Mais ben un dos maores engados da sua poesía remanece da concentración lonxe de amingoamente ou cristaización do vivente sentimento lírico. En troques do arco da vella, de río a río, as cromáticas e seu xogo ceibo na pinga de orballo. Nun penedo detremiñado, que a man acariña, a vivencia e emoción da serra. A melancolía e o lembradoiro vivir dun esquencido mosteiro, decraranse en oito versos curtos. Seu contido emozoal non houbera millorado nunha composición de 80 versos ben trabados. A tendenza do seu esprito, sempre no traballo poético moi vixiado, levárao o soneto. Cecais agardóu moito tempo. Infroiron os grandes sonetistas portugueses. O primeiro despois de Camoes, apesares do tesouro calmo e canso de Bocage, Anthero de Quental... Após de entramos libros Noriega escribíu algús fermosos poemas. Sempre no mesmo rego. Pensamos, entre outros, no tiduado «In conspectu maris» do 1946. Desenrola, baixo perfeita lus os argumentos da retesía entre riveira e montana, e non deixa de descobrir, pro seu ben, a escola dos outos diálogos, de castro a castro, de xeneración a xeneración, manexados con beleza de calidade preática por o bardo Pondal.

Poeta da montana. Conviría meditare un pouco. Montana leva en sí conceitos e vivencias moi relativas. Noriega na montana e no ermo alenta por a propia virtude de «salvación» deles e as veces en función da riveira, e ben poucas do val. O val, forma devaladoira arredor de Rosalía, de Curros mesmo, de Cabanillas, ben cativa resoanza atinxe na poesía de Noriega.

Loce, arrecende, manda, a montana en 37 dos 51 poemas de «Montañesas» dous deles —«Leite fresca», e «D'o San Juan de Romariz»— pensados e traballados pra viviren de seu fora «extramuros» do sistema do libro. A mesma inspiración forza 36 dos 48 poemas que enteiran o «D'o Ermo». Débe ser respeitada a composición e feitio internos do libro e mais do poético xa que cada un diles responde a fondas e en sí conclusas vivencias do poeta. Por elo carez de siñificación o feito de pasar perto de vinte composiciós inteiras dun libro o outro. Pois en cada un xogan ó seu destiño, refrexanse con difrente lus, como as mesmas cumes en difrentes paisaxes e obedecen o mais outo guieiro interior do poeta. Dez anos afastan

un libro do outro. Neles o sentido poético do ermo veuse espindo, deixando as briladoiras figuranzas do gozo do mundo representado no folclorismo tradizoal e atinxindo ben pouco a pouco un estado arrentes da perfeución. Elo permite seguire polo menos nas grandes xornadas o maino afastamento dos agarimos do mundo e os raros trunfos nas horas do poeta. Sempre drento dos marcos do mundo galego Noriega exercita un ascetismo cheo de renuncias mais exemprar chegando a lus da soedade do ermo, dende logo vixuada ben cedo. Coidamos sere a tónica esencial e ascendente das horas e dos poemas de Noriega, xunguidos como a meta do albre e os símbolos arelantes de perfeución dibuxados na sua curtiza pola navalla do rapas, a curva do vivir do poeta. Pódeselle apricar a óptica da penitencia ceivadora das figuranzas externas ben estudada na ascética de santos e de filósofos. Foron sempre das vivencias da leda Galiza da costume as tentaciós. Endexamais poido esquencelas de todo. Siñificaban a popularidade e o gosto do vivir patriarcal das festas e do ano labrego for cuia causa deixóu o poeta o camiño do sacerdocio. Moitos poetas e esquirtores galegos pasaron polos mesmos estaxes, compriron, cada un o seu xeito seu vieiro de liberación. Pro quezais en ningún poide ser estudado como a través dos poemas de Noriega pois no seu vivir os datos dos probremas brilan ben nídios e craros. O poeta do Ermo apenas coñeceu o vivir da cidade e seus agasallos e seu forte poder escultor. O rivés dos poetas chantres direitos do Ermo il soio foi «vilego» nos anos de estudante e nunha cidade de fermoso pro non duradoiro senso arcaizante. Iglesia Alvariño, Crecente Vega, Novoneyra, chegaron a vivire fondamente a cidade milloranda con fino amore inteleitual as temáticas da campía na lembranza e sua intimidade traspostas, namentras Noriega desvaecida apenas a lus da serán da adolescencia ó deixar os estudos, afondou de home, deica vello nos circos asexantes, prestixiosos, non falentes de irónicos degoiros do vivire aldeán. Nas cidades sempre foi pasaxeiro e suas mañás de cidade amanecen ca saudade do novo día espallándose nas carballeiras e refrexado nas fontelas. Na derradeira etapa vivariense o poeta tampouco profesóu na régoa cidadán pola velleza e a falencia, e por riba de todo por tere conquerido un ser e caraiter labrego.

Non sempre son doados de sufincar os tempos da longa e íntema pelerinaxe. A sonada polémica da mariña e a montana non é mais do que un aspeito moi valioso pro ó remate soio un aspeito. Ben logo en «Montañesas» xurde o camiño e o fito, ainda con febrezas e desmaios. O poema primeiro, a elexía po la merma e perta dos

costumes antigos xa ten outro acento do que brila noutros poetas sobre o mesmo tópico. E tamén no doérese do inverno das aldeas da montana onde a tónica segue o rego amargo de Curros. Pro deseguida xurde o himno do amor: «Teño amores na montaña» latexante, recendente a un paisaxe conquerido pra sempre. Nun escearío de serra, pastor, co cán «gardando» o armentío fáise o rapas, logo soldado, esquencido e morto, sin outra memoria e agasallo do que a vella, xa tolleita, que o crióu. Iste poema, moi lído en galego e en versiós castelás, é un dos mais soados de Noriega. Temos enxergado bágoas, leendóo en ollos de persoas estranas a Galiza. Tén a sobriedade e a forza do destiño do primeiro lirismo grego. Deseguida como pousas no camiño dun salvador Santo Andrés de Teixido locen, sobre outros menores sete poemas compoñendo o setestrelo da noite na intimidade do ermo ensoado. Deles catro pasan ó libro da inteira confesión. O sistema do renque de belezas, empregado en tódalas literaturas, brila no himno —no inquerido himno, sua meirande beleza— «A Montaña». Os «soniños que eu soñei cando era neno» enteiran con leda tristura diante o devalar do tempo, os anos de neno cas doce e meiodía do vivire do poeta. A gravidade como de versos traballados no cerne de carballo do esprito da raza de «Almas da montana» e «As casas dos brañegos» perpara á solene profesión de fé de «Miña Musa...» É a fórmula do xuramento e adicación. Con xusticia franquea como a presidencia e invocación do mais outo píncaro ceibado, o volume de «D'o ermo». Con groria, dolménicos esteos o sufincan «A xente da montaña» e «Asaz selvosos lugares» a esenzal adicación.

Abondarían outros sete poemas de «D'o Ermo» pra a chegarnos a íntema lareira, sempre acesa do poeta. E escribimos isto non lonxe tamén do antigo senso clásico dos lares. Gregos e latinos alboreceron pastoreando en largacios ermos. E un senso do mundo e do tempo cingue, baixo o centileo da estrela da mañán, as pastorales de tódalas patrias.

O penedo co seu feitio incoscente de ara, como achegándose e profetizando o vodo dos homes é o moimento do silencio. Val moito en Noriega o que cala. Niste barudo poema latexa na pureza do ermo a boiña da ialma. Hai na xurdía gabanza da fala o sentimento da fonte antiga. A herdanza petrucial da braña. Como si a serra non quixer enxergar ou supor seus craros nacentes feitos ríos. É unha frol da que ninguén disfroita si «entre os toxos da montaña —non s'espiñou pra collela». Eiquí, agás de outras motivanzas pódese descobrire unha das da pouca confianza de Noriega na discipriña e

usanza do galego como língoa pra tódalas esferas e arelanzas da cultura. Ténse apelado a outras cáusas. Pensamos sere a mesma dos «vellos do Restelo» en cada crítica tornavolta da historia das ideas e das formas. O esprito da pelerinaxe, do «homo viator» loce, tratado con nidia arte, nas cinco estrofas de «Saben as ilusiós miñas», adicado a Vicente Risco. Poidera ser o símbolo do «cursus» de todo poeta. Os tempos dun camiñar fanse música e os termos doces como o cantar do rigueiro e os aspros do vento da serra levan a todo leente a viva lembranza do seu íntemo camiñar... Soio o lixa un epíteto, «febea» engadido a lus da mañá. Un valeiro eco de humanista ainda pexado en estreiteces verbales por Noriega «ab initio» esquencidas. Como un desvelamento de sutaque sempre cando acode a nos, vivimos «a fonte, o Cristo, o piñeiral» dun poema dino de ser esculpido nun retábulo de pereira brava. No espello da «pucharquiña» refréxanse, como en rexa e poética conciencia, as determiñanzas e vivencias do Ermo. Por raro caso o poeta pón un nome de logar: Anaigo. Algús topónimos frolecían como os toxos e as tristeiras abrulas no poeta. «Anaigo» é un logar da parroquia de San Mamede de Palmés, que atesta polo ourente ca de Trasalba. Se non pode maxinar a emoción de poemas como aquil «¡Polos cravos del Señor!» sin recoñecer no poeta unha fonda e seguida representanza da agunía e pasamento de Cristo. Ela cingueo con Castelao atal difrente. Noriega sentía, sin desconfianza, a soedá dos cruceiros. Nin o lobo nin o esquecimento pódenos magoar. A devoción dos montañeses consoa a soedá de Cristo na Morte e ela consagra a soedade do ermo. Como a da morte. Ningunha forza pode afastar o poeta da sua montana. Despóis da groria ceive, e a paz do ermo, o poeta sabe como a morte «¡mais m'ha de unir ca montana!»

Mais non houbera sido doado niste ensaio cachear as poesías unha a unha de Noriega... Pro debemos pescudare seu ermo. Cada místeco ensóa e alenta nunha feitura da Jerusalén agardada. Infindas soedás agasallan os ensoares de poetas e pensadores. De certo coasi non hai galego de raíz afastado de unha íntema chamada a recompensa dun paisaxe, de riveira, de val, de montana. Ó ermo ensoado por Noriega seméllanos a un tempo ensoar de neno pouco mais do que istintivo e deseio de filósofo do mundo, desenganado de tódalas grorias. Seu paraíso non tece doces frolestas maquiadas polo vento das anxélicas áas. Tampouco repousa na groria madurecida das xeorxicas, Teócrito e Virxilio, son de moi lonxe saudados polo vate das «froliñas dos toxos». Noriega rube a contrapelo as estaxes, xa clásicas en tódalas culturas da historia. Pondal como ninguén cantóu

o ermo e suas pastoras. Mais como lucidia e xogoral alborada de un día de fera e vingadoira loita. Elo non chama, nin xiquera verdadeiramente, a reivindicación do labrego, no peito de Noriega. Seu ermo é pastoral. Pura e nídia conceución arcádica. Co ela sacrifiza a historia, esquece a cultura, e non parés sospeitar como soio queimando os froitos da cultura se pode chegar a aquila illada chama case metafísica, do ispirado pastor das ermanzas. Si en esencia e caraiterización senlleira tódolos tipos humáns están indicados no «Genesis», no prólogo da historia e de alenhistoria dos homes, a Noriega correspondeulle —por esprito, por cansacio e desacougo, pola imposibilidade de resolvere a retesía do ben e o mal, e a pesadume do traballoso tempo histórico— a estaxe ideal da inocencia de Abel o pastor.

III

ALGUS POEMAS E PROBLEMAS

Ningunha esculca poidera ser valeira sobre Noriega. Como poucos fixo danzare con rigore na peneira crítica o grau das espigas de mais bastos carreiros das suas agras. Inda sin parare apenas na sua simbólica sentimos na poesía de Noriega a verdecida e ourilocente beleza, grave e casta, do pan centeo e do trigo esgrevio e montesío. E isto nun apaixoado de Ovidio. E eiquí tocamos o problema do ser e contido do humanismo de Noriega. Poido ser un mestre seu iniciador ou o térselle descoberto nas leuturas de Ovidio, por forza poucas e non sostidas pola crítica moderna, unha simpatía de caraiter e destiño. Amaba moito Noriega os xogos, syrtes e venturanzas do Eros xenerosamente esparexidos nas horas e sazós campesías galegas. Coma un «clerc» goliardesco ría e glosaba os contos de namoros en troulas e escascas. E de se ter detido nelas houbera botado moi certeiras sondas, como Valle Inclán e quezáis millor, na erótica da noite campesía. Polo mesmo repunaba Noriega as estratexias e manifestaciós cidadás do amor venal e vaidoso. Hastra algunha vegada refírese, moi de pasada, ás costumes «non sanctas» das carpazonas e rexouba sobre as «canónigas» ou donas da montana, nas tempadas de baños no mar moi soberbias e rallantas. O verso de Ovidio, espellante, musical, arco pimpante da vella, mimosa confianza e feitizo, tivo de conquerir a Noriega. De fixo non o estudon fondamente. Lembremos pois non deixa de tere sua va-

lencia no problema de Noriega, a grande sona de Ovidio, inruso como filósofo da natureza, na Idade Media. Non fallan na erudición moderna opiniós concedendo a Ovidio, o xeneralmente espreitado «poeta do amor e do desterro», un fondo e melancónico pensamento cósmico, disimulado moitas veces na cobertura erótica. Hai, sen dúbida, unha vivencia de fadalidade que Noriega, mociño estudante, non houbera podido suspeitar, pro si, e con todo amor e pantasía de mociño a fondura do seu desengano. Pra Noriega é Ovidio o armoñoso laiante, o xemedor do amor desinzado polo fado, do esquecimento e do desterro. Non o houberan intresado noutro lingoaxe. Como o deixaban indefrente os argumentos, as mesmas queixas, as veces emozoantes, dos autores místicos e ascéticos. Mais Ovidio en cada verso fai arcos xogantis de fermosas rosas e pescuda cabeleiros e torsos de ninfas no bulir dos regos. Na simpatía de Noriega polo desterrado no Ponto —onde se non poidera atopar o engado do ermo— quezáis latexe un ecoar dos longos adeuses e soedades da lírica medieval. Sentimento muy galego. Saudade oicidental.

Amaba Noriega a poesía portuguesa. Foi primeiro adiviñanza. E despóis, no seu tempo, froitoso ourensán, coñecimento apaixoado e refleisivo. Dicía moi ben, moito millor do que os seus propios versos, os grandes sonetos de Anthero. Chamámoslle grandes polas infindas resoanzas suxeridas pola sua técnica perfeución. Sabía ben o esencial camoneano. Por riba de todos os sonetos. Considerando aquil lumioso acender de «Alma miña xentil» ou choutando tempos os grandes ceus nubrados acesos por lostrigares deslumeantes de Guerra Junqueiro, Noriega confesaba na poesía portuguesa unha mestría e superioridade non atinxible pola nosa. Apesares de Rosalía. Non lle chamaba moito a poesía castelán. Moi de lonxe, como fermosos castelos alumiados polo solpor, saudaba os grandes mestres. Pro a lírica, sobre todo a lírica portuguesa facíao meditar, bambeándose entre a ademiración e o desacougo. Mais sempre pregoaba a independencia do galego e fuxía de todo inxerimento nil das roseiras portuguesas. Non fallan, houbera sido inhumán chatalo por élo, refrexos portugueses, ben poucos, en Noriega: A «Lagrima», de Guerra Junqueiro no «¡Soberbio pazo!», a pinga de orballo do vate mindoniense. Escribíu sobre a Saudade:

«Sol a fire i-auga a molla
Y-anda a probiña sin guía
Buscando quen a recolla
Desque morreu Rosalía...»

En conxunto apontemos sobre a interpreitación e vivencia da Saudade en Noriega un feito ou millor defeito de evidente valencia: viveu coasimentes alleo a temática compostelán e as orelas do Sar e de Arousa. Soio polo regosto artístico lía os «Saudosistas» do Lima e citaba, con devoción versos seus. Noriega amou o río do esquecimento. Mais en toda a frolesta engaiolada da Saudade, pensamos que Noriega toda arelanza e pensamento, e gostoso ou deloroso maxinare, queimou na honra e imposible espranza do seu ermo montés e alboradeira. Respetaba moito a frente pura e ensoadora dos pensadores e poetas do creacionismo. Un puro e fermoso movimento do Portugal do Norte. Falaba de Leonardo Coimbra con íntema devoción... O creacionismo non pode ser agora tratado por unha pluma galega. Precísase de tempo e de estudo. Polo mesmo que tanto infloíu nun intre de tornamento e purificación do pensamento e letras nosas...

E eiquí podemos notare a visión de aguía de Teixeira de Pascoaes. O poeta das formas apenas iniciadas e xa levadas no decorrer devaladoiro do río do tempo, o grande sinxelo e cavidoso teimando unha ialma irmán no monte e no arboredo, atinóu ca saudade e o senso detremiñado do ermo en Noriega, e por ilo o quixo e o adimiriu como un irmán, como un mestre. Foi o primeiro en atinar co selo da arte de Noriega. Seu pensamento remontando Támegas de historia, de sofrimentos de neboeiras, chegóu a fontela galega do lirismo. E descobriuselle Noriega como o cultor e bardo de unha soedá irmán da do seu Marão... Saudamos aquila fonda e pura amizade, como piadosa, exemprar e inzada de espranza. Noriega no recordo habita na casa de Pascoaes, a das doorosas noites de creación do poeta, a das bágoas puras de seus abrentes...

Nas ermanzas do poeta dumiense choutan impacentes poladas de perdís, agroman fontelas, ourilecen as froles dos toxos. Apenas é preciso deterse nun poema universalmente sonado. Ben sabemos da sua valencia os que de novos, polos vieiros da montana sentíamos a lus da serán prolongada polo grave e amoroso locir das froliñas dos toxos.

Na festa do primeiro centenario do nacimento do poeta Noriega non han fallares estudos senlleiros. Nin a madureza de un proieuto ben merecido pola groria do poeta, un poeta vivente nos leentes, lonxe de calquera esquecimento: unha boa e inteira edición dos seus poemas. Dabondo escribíu despóis do 1920. Consumado na arte do soneto tampouco esquenceu outras formas. Moitos distes poemas

coidamos ser nestora xeneralmente descoñecidos. Non pode seguire ista situación pola honra e a sanidade da Poesía galega, nosa senlleira groria...

Quen escribe istas follas foi un dos bos amigos do poeta. Soupo dos seus contentos, dos seus longos delores, da sua fonda espranza. E hoxe, na soedade de Trasalba pisando os mesmos vieiros cara os espallados cotos adícalle na intimidade do esprito a calada e trascendente lembranza de vello amigo.

R. Otero Pedrayo

Trasalba, abril do 1969.

D'O ERMO

TEÑO AMORES NA MONTAÑA

Teño amores na montaña,
teño moza montañesa,
que m' a deparóu un santo
no turreiro d' a unha festa.
Deronll' as rosas de maio
roxa color pr' as meixelas,
branca, ¡volainiña branca!,
seiqu' ind' é máis que as folerpas,
e de folerpas d' a neve
penso que debeu ser feita,
xa qu' o sol y-as nordesías
no m' a logran ver morena.
Teño amores na montaña,
teño unha moza brañega,
que si c' os ollos feitiza
o corazón m' estonteya
c' aquelas palabras doces,
y-aquelas surrisas meigas
d' as nenas repinicadas,
argullo d' as cumes ermas.
Miña santiña bonita,
¡Dios que m' a deu m' a defenda!,
pois para min non hay ceyo,
si no me caso con ela.
¡Heime casar!, os solteiros
sempr' andan nas malas lenguas,
y-eu quero vivir con honra,
xa que non teña outra herencia.
Heime casar, ¡non que logo!,

y-heime de casar n' aldea,
¡miña nai!, porqu' alí moran
as poucas almas sinxelas,
que sacan o pan d' a boca
pra socorrer a probeza.
Despóis buscarei casiña,
unha casiña tarrea
con cortello, pra criar
dous bacoriños d' a teta,
¡y-a facer pares de zocas!,
que se me canga, abofellas,
millor qu' escribir en verso
na doce fala gallega.

Á MONTAÑA

Loas que che brindo son
os meus versos, irta serra,
porque adoro a tradición,
y-en par d' o teu corazón
gardal-as d' a nosa terra.

Non me namora o mar fero,
que á moitos tanto lles gusta;
á tí, montaña, ch' eu quero,
e non morro, porqu' espero
gozar d' a tua paz augusta.

Teño d' ollo hay moitos anos
vivir na máis brava cume
d' a Galicia, entr' os peisanos,
que, sentados nos escanos,
invernan preto d' o lume.

D' o que vai pra terra extraña
contan que aló ben s' apaña;
pro pol-o millor tesouro
non troco as froliñas d' ouro
con que te vistes, montaña.

Si no mundo hay bes seguros,
que se logran sin conxuros,
que non demandan traballos,
son os teus aires, tan puros,
y-as sombras d' os teus carballos.

¡Cánto a miñ' alma se reve
na singular fermosura
d' os encaixes con que a neve,
sin esquencer uz nin sebe,
amortaxarte precura!

Cendales e nebra mesta
de cando en veces che presta
pra que te conserves briza,
y-o abandonal-a tua cresta
nos toxos s' esgarrapiza.

Ó enfundirse o sol detrás
d' as xigantes cabeceiras
coido que a abrasarte vas,
ou que refrexando estás
laparadas d' as fogueiras.

Cando a sombra te asoballa
ben si a lua t' agasalla,
o mellor si non recelas
que te prive a luz qu' espalla
d' unh' aureola d' estrelas...

Lucindo xoyas benditas
¡sempre, montaña, te vexa!:
tel-os cruceiros pr' as citas,
pr' os devotos as ermitas,
pr' os mortos o adral d' a igrexa.

Nas tuas covas frecuentadas
pol-os espritos d' o mal
hay diamantes ás presadas,
reinas moras encantadas
e palacios de cristal.

Tu' a é Santa Compañía,
tu' a Pantasma, qu' espía
as bouzas y-esperta o medo
pra que se recollan cedo
as nenas que van á fía.

Non é gallego quen t' axe,
quen, serra, che teña zoña,
xa qu' herdaches o lenguaxe
enxebre, o típico traxe,
y-a gaita e máil-a zanfoña.

¡Concédame o Ceyo a mín
que volv' a donde subín
co-a bota na moca ó lombo
pra oir a bulla d' o bombo
y-os queixumes d' o violín!

Lembrando festas sonadas
inda quizá bailarei,
¡ou, montaña!, nas ruadas,
co-as fillas d' as ben amadas
carpazonas, que roldei.

SOA A GAITA

Soniños que soñei x' hai moitos anos
entr' as frolidas xestas d' a montaña,
meigas lembranzas, ilusiós queridas,
¡espertade, vos pido!, soa a gaita.

Sobre d' os irtos montes, nos recunchos
d' o val, tan majo, e nas riseiras playas
¡oh, qué ledos airiños ela ceiba!,
¡cómo axota o delor d' as tristes almas!

As delores son tolas, e ben tolo
quen iste mundo non-o tom' a chanza:
frolea, que aturuxo, miñ' amiga,
gaita gallega, colorada gaita.

E PORQU' É TAN LUGUÉS...

E porqu' é tan lugués, e porque o pide
Teu xeito agreste, porque ben lles prace
Ós verdes d' o Vilar de Lamanide
Y-ô hostil acibro que ond' a murta nace;

Teu paniño encarnado me namora,
Linda serrana, moza churrusqueira,
Que nos montes d' Argán eres pastora
E no Fondal d' a Graña tecedeira.

Meu corazón!, aquel qu' en noite triste
S' apartóu d' estes ermos, que o sol viste,
Si ô cabo torna d' un pais lexano,

Si, ainda que seña inverno, a vir s' atreve
Méntras de vagarciño cai a neve
Chorará com' on neno ô ver teu pano!...

COUSA BONITA...

I

Fálame, cousa bonita,
¡D' as rayoliñas d' a lua
Qu' entran, a furto, na ermita!

E no me lembres a torre
Donde te tuvo enmeigada
Industria d' amor que morre...

¡D' outros máis altos destinos
Che fala a paz d' estes ermos
Y-o psalmear d' estes pinos!

Quen te veu, musa, algún día
Fastuosiña no ádro,
Desguedellada na fía,

Humilde agora te vexa
Bicá-la cruz d' o resario
Y-o pavimento d' a igrexa.

II

Pol-os cravos, qu' eu venero,
del Señor,
¡fálame d' o que ben quero
ô pé d' esta xesta en flor!

D' un Santo Cristo isolado,
feridiño!,
qu' esmorece, ¡malpocado!,
d' a serra no curutiño.

D' aquela Virxe-Chorosa,
tan sonada,
que leva por culpa nosa
no corazón unha espada.

D' unha mai que no m' olvida!
si, cal creyo,
hay lembranza d' esta vida
tral-as estrelas d' o ceyo.

D' o qu' é pequerrechichiño,
miña xoya!,
e non ten pais, nin padriño,
nin alma que d' él se doya.

D' unha Rosa..., ¡pur' almiña
d' a montaña!,
foise d' a sua casiña
e murchóuse en terra extraña.
... ...
... ...
Pol-os cravos, que' eu venero,
del Señor,
fálame d' o que ben quero,
ô pé d' esta xesta en flor!

PASA UN VERMIÑO

Pra Enrique Chao Espina

¡No me tripes, camiñante!:
cousiña insinificante,
teño un Santo a meu favor
que lle chama ô lobo errante
hirmao e representante
d' as finezas del Señor.

AS FROLIÑAS D' OS TOXOS

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as froliñas d' os toxos.

D' os toxales as ténues froliñas,
que sorríen, a medo, entr' espiñas.

Entr' espiñas que o Ceyo agasalla
con diamánte-las noites qu' orballa.

¡Oh d' o yerm' o preciado tesouro!:
as froliñas d' os toxos son d' ouro.

D' ouro vello son, mai, as froliñas
d' os bravos toxales, ¡d' as devociós miñas!...

DIANTE D' OS QUE ATRUXAN FORTE...

Diante d' os que atruxan forte
me pranto, y-en verso escribo
pra manifestar que vivo
contento co' a miña sorte.

Vou velliño, son pastor,
non me separo d' a serra,
e, si é verdá que hay máis terra,
dudo que seña mellor.

Tod' o que teño de meu
é non cobizal-o alleyo;
abóndame Dios d' o ceyo,
que n-unhas pallas naceu.

Gardo a avenza de seu dono,
mais eu son quen lev' o ramo:
¡canté, si puidera o amo
prender com' a min n-o sono!

N-unha chavola baixiña
nacín, tras d' aquela pena;
n' hay grileira tan pequena,
pero, ¡qué diabro!, é miña.

Xa foi d' os meus bisabós;
¡muy natural que alí viva!,
e, con todo qu' é cativa,
inda ten seu ben de Dios.

Si queredes visital-a,
abofféllas m' acomoda;
¡n' hedes ver cousa que â moda
deba un carto d' alcabala!

Escano pra me sentar,
pubela para dormir,
un candil pra m' alumar,
e non hay máis que pedir.

Quer' o que moito convén
pra salvación, y-éme igual
que as cosechas pinten mal,
ou que os froitos rendan ben.

Toco esta frauta, de buxo
y-a paz d' os ermos alabo,
porque cando a folg' acabo,
naide ceiba un aturuxo.

Ó vel-a neve n-a cume
d' a Frouseira, xunto leña,
e veña o inverno que veña
descuido acarón d' o lume.

¿E de vrau?, ¡quixera o Rey
d' España, pr' o seu regalo,
auga d' as fontes que calo,
sombra d' as pravias, qu' eu sei!

NOSA FALA

¿Y-a qué ven ora o brañego?
Ay, amantiños!, ben cego
é o que non ve pol-a criba:
ven a gabar o gallego,
ven pra que o gallego viva.

Nosa fala é un paxariño
que adoita fagué-lo niño
no seyo d' o hirsuto monte:
ben na pola d' un espiño,
ben â beira d' unha fonte.

Froliña é, que non extraña
os ermos, e ben se engaña
quen se desviva por ela
si entre os toxos d' a montaña
non se espiñóu pra collela.

E rigueiriño que corre
méntra-la sombra o socorre
d' algún mesto piñeiral:
fáltall' o agarimo... e morre
antes de chegar ô val.

É a que requebr' â aurora,
prendada d' a incerta lus,
y en gallego, cando chora,
lle canta Nosa Señora
pra que adormeza, a Jesús.

O gallego é un suspiriño,
¡é a cousa máis meiga qu' hay!,
e o lenguaxe amorosiño,
en que oín decir: ¡filliño!...
de labios de miña mai.

E faliña que aloumiña,
que o noso corazón move
pra que atallémos axiña
os salouquiños d' o probe
co-a gracia d' a limosniña.

Y-é un tan ansioso falar
que logra sobrepuxar
a saudosa tristura
d' a estreliña d' a fartura
e d' as noites de lunar...

... ...
... ...

A devoción y-a delor
¡sean sempre ô seu favor!;
eu moito a venero, e creyo
que solamente no ceyo
pode haber fala mellor.

LABERQUIÑA...

Laberquiña que t' axotas
d' as degaradas gueivotas
oind' o salvaxe berro;
musa, que a mariña extrañas,
oll' as azules montañas
¡desd' as playas d' o desterro!

Esquence o mar, lembra o gado
miudo, y-o regalado
vivir, ¡as tumbadas festas!,
y-as cantigas d' os pastores,
que fan grinaldas co-as frores
amareliñas d' as xestas.

OUBEA O LOBO...

Oubea o lobo xunt' a cruz de pedra,
¡y-o Cristo non s' arredra!,
que xa ô sol posto non está soliño:
d' unha luz, luz de verme, s' acompaña,
porqu' ind' hay na montaña
quen lle colma d' aceite o faroliño...

CANTAR MONTAÑÉS

(Á Señora d' os Remedios)

«O cantar que a Virxen canta
cando arrola ô seu Meniño,
meu caravel!, miña rosa!,
meu bico de paxariño!!»

Santiña milagrosiña,
¿lémbraste? A nosa casiña
ond' a tua;
«O Campo» frorido e ledo,
tú reynando en Mondoñedo,
eu... galanteando â lua.

Á lua, ¡e rompín con ela!;
pro meu sino —crara estrela
que enxamáis
de veleidades se extraña—,
déume outro amor —a montaña—,
e non quixen rondar máis.

Y-ay!, cautivo d' a sua fala,
desestimo a quen fai gala
de non ver
que lle chama ô teu Neniño
«*meu bico de paxariño*»
n' un cantar de adormecer...

PRA QU' A INERME PROBEZA...

Pra qu' a inerme probeza, qu' os montes pasa
furtándose d' os lobos, top' unha casa,
e n' as encrucilladas vacile o medo,
y-as ermitas branquexen antr' o arvoredo;
pra que c' os vagalumes, e co-as contiñas
d' a rosada non liden as estreliñas,
e pra que s' alboroce Jesús n' a cuna,
manda nosa Señora salir a luna!

TODA HUMILDE BELLEZA...

Pra don Purificación de Cora Sabater,
Direutor de El Progreso

Vago xirón de brétema, atavío
Soberbio de hirta xesta, reidora,
Fulgurante doiña de rocío
(Pazo d' o sol, e lágrima d' aurora);

Rayola de lunar que bica o rio,
Flor mareliña qu' entre espiñas chora,
Ou d' as redes d' araña un ténue fío,
Toda humilde belleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro
D' o meu nume saudoso... Antes reparo
Na nudez adorable d' unha estrela

Que nas rosas d' os vales, que sorrien,
Que nos mantos d' os pinos que se engrien,
Que nas blondas d' o mar, que se rebela.

ORA É UNHA ABEDOEIRA...

Trocóuse en arboriño (foi n' outrora),
Y-aparece nos ermos orballada,
Porque gusta d' as lágrimas d' aurora,
Xoiñas fulgurantes...
A isolada

Ora é unha abedoeira; mais xa fora
Nympha, tal vez, ou Princesiña, Fada!,
Ou a Meiga máis linda e argalladora
Que inquietóu ôs brañegos de Labrada.

Trocóuse en arboriño, y-entr' abrollos
Esmeraldas perdera: ¡os claros ollos!,
Dous astros milagrosos... Mais non perde

Sua esbelteza, prodixio de finura,
Seu vestido, milagre de brancura,
E unha ondeante mantilliña verde.

A SAUDADE

(Tortura, con punzante delicia)

Sol a queima, y-auga a molla,
y-anda a probiña sen guía
buscando que-na recolla
désque morreu Rosalía.

Pisa cardos, pisa abrollos,
y-apenas o sol se pôn
co-as lagrimiñas nos ollos
entra no meu corazón.

Ven, de mansiño, co-a lua...
¡Dios sabe de donde chega!
Portugal dice qu' é sua,
y-as brétemas qu' é gallega.

Y-a enmeigadora sorrí!
méntre-la festexo eu
porque se demora aquí
si é certo que alá naceu.

Hay n' éstes ermos lugares
branca ermida!,
y-us penedos, y-us pinares,
que lle cautiva-na vida...

Sol a queima, y-auga a molla,
y-and' a probiña sen guía
buscando que-na recolla
désque morréu Rosalía.

A BRÉTEMA

Pra miña filla Cándida

A brétema, ¿tú sabes?, é ceguiña:
Os piñeirales pouco a pouco explora,
Y-anda sempre descalza, e si s' espiña,
Sangrar, non sangra; pero chorar, chora...

Chora copiosamente a pobresiña!
Como choróu Jesús, cal chora a aurora,
Y-en maus d' o sol é cada lagrimiña
Derramada, unha estrela briladora...

Lagrimiñas preciosas!, recollélas
Mil veces se m' ocurre, pra con elas
Facer... (si xa non soño, ¿qu' eu faría?)

¿Unha sarta me pides? Lograreina,
¡Como un rey a quixera pra unha reyna!,
Como nunca se veu na xoyería.

TERNURA

Viste os cardos de flores, viste d' édra
As informes paredes d' os muiños,
E nos cruceiros de groseira pedra,
Suspirando, pendura faroliños...

¡Sempre â par d' a rudeza esta xoiña
Que Jesús nos deixóu!: sorrindo, a medo,
Fai relucir un astro en cada espiña,
Y-agasalla con musgo ermo penedo.

Alma d' a nosa Terra!, ¡hirmá d' aurora!,
Tú brindas (de bó grado, y-en boa hora
Pra que hastr' as nubes meu fervor t' eleve).

Á onda montuosa, airón d' escumas!,
Ó tosco berce de guiciños, plumas!,
Á hostil ramaxe d' os acídros, neve!

PRIMAVERA

Sañudo o rostro, rúda-las maneiras...
¿Qué agoirarás, montaña? Teu desvío
A sangre fría o encaro; mais ¡dá frio
Ver ô sol terqueando pra que o queiras!

Nas follas novas d' as abedoeiras
Tremelucen doiñas de rocío,
Floresceron as urces, y-o bravío
Cardo soña igualarse co-as roseiras.

¡Oh amada! ¡Triste amada!, ¡desarruga
Por Dios, a y-alba frente! Ben madruga
Ora pra te encantar un pracenteiro

Merlo, que Dios bendiga, e tú recollas,
¡Maga d' os ollos verdes!, entr' as follas
Sempre verdes d' o máis xentil loureiro.

UNHA BREVE PUCHARQUIÑA...

É unha breve pucharquiña
sobr' un enorme penedo.

Sin fatuidade urbana,
míranse n' aquel espello
as froriñas d' un carpazo,
a ramaxe d' un esvedro,
linda pastora d' Anaigo,
y-as estreliñas d' o ceyo.

É unha breve pucharquiña
sobr' un enorme penedo.

AIRIÑOS, AIRES...

Pasan os aires que increpóu a ousada
Musa qu' é carpazona de por vida,
Pasan ulindo â herbiña ô sol curada,
Y-â frouma d' os piñeiros desprendida.

Saudade, ¡oh, a Triste!, que a espreitar s' asoma,
Debullándose en bágoas, lles acena
(E sua almiña virxinal aroma,
Émulo d' os perfumes d' azucena).

Acénalles; máis... pasan!
D' o Rodeiro
No máis ermo cantiño, un sabugueiro
Mostra abelorios nas miudiñas frores...

E ¡nin reparan!, son indiferentes
Ó enlevo d' as doiñas relucentes
Y-ô pranto que amargura os ruiseñores.

AUGUIÑA FRESCA

Sorrisos d' as d' o ermo tristes flores,
Sorrisos d' elas, y-a ternura miña,
Y-os requebros d' os meigos ruiseñores
Pr' a auguiña fresca d' esta fonteliña.

¿Quén me quêr apracer? De gracia a brindo:
Bebe, roseira (véxote espirando).
¡Bebe, luar piedoso, e vai sorrindo!
Bebe, almiña, qu' estás na cruz sangrando...

Ferín meu corazón, ¡feríno adrede
Pra que saltáse a lympha!, ¿quén ten sede?
¡Aquí toda-las vidas dolorosas!

¿Es un vermiño? Deixa que ch' eu cante.
E tú, qu' es un leproso, pas' adiante,
E bebe, hirmao d' os astros e d' as rosas!...

MUSA QUEIROGUENTA

Pra arredá-la d' o seu huraño sino
Debalde foi que se xuntase o medo
Co-a imponente mudez d' ermo penedo,
Co-a queixa vaga d' o harmonioso pino.

A musa queiroguenta que me asiste
D' a rixidez d' os montes está ô cabo,
Y-ama a flor mareliña, porqu' é triste,
Y-a presencia d' o toxo, porqu' é bravo...

¿Mellor que a lus phebea? ¡Ceyo torvo!
¿Antes que o pintasílgo? ¡Negro corvo!
Entre seixos a auguíña qu' ela bebe,

Son breñóso-los cimbros donde inverna,
Y-é unha moza, descalza de pé e perna,
Tripando cardos, encarando a neve!!

CÓMO CHOVE MIUDIÑO...

Vagaroso chover... Este zarzállo
Que alxófares espalla, de mansiño,
É bendición de Dios, y-é un hirmauciño
D' as lágrimas, d' a brétema, e d' o orballo.

O ceyo inda non ten outro agasallo
Mellor pra demostrá-lo seu cariño,
Ás froliñas d' a urze, y-âs d' o espiño,
Y-â ramaxe pomposa d' o carballo.

E Galicia, sin par, ond' eu nacera,
Trá-lo rico presente, quizá espera
D' o hirmau sol, rey d' o luz, unha rayóla...

Quizá!, pois xa notóu a y-alma miña
Que si adoita d' estar na cruz soliña
Ó sentirse feliz, non quêr ser sola.

EMBREÑARME PROCURO...

Embreñarme procuro, e feliz fora
si xa de meu tivera unha casiña
na fragosa montaña, que alí mora,
divorciada d' o mundo, a y-alma miña;
o sosego d' as chairas me namora,
y-a Dios lle pido que me poñ' axiña
dond' hastr' a virazón non quer testigos
pra rebuldar co-as follas d' os caxígos.

NA MONTAÑA BRAVÍA, PAI D' O CEYO!...

Donde eremitas ven o ceyo aberto,
Donde, á par d' a Saudade, triste eu canto,
Donde a brétema furta, ô descuberto,
As estreliñas que lle cán d' o manto,

Donde prospera a urze, donde o pranto
D' aurora centellea, dond' é certo
Que hay unha Cruz (mimiño d' o deserto),
Y-o ádro d' erma igrexa é campo santo,

Na montaña bravía, Pai d' o ceyo!
D' o ermo silencioso no ermo seyo
Embreñarme procuro prontamente,

Aló na terra virxen, terra esquiva,
¡Donde nunca apareza unha alma viva!
(Tanto aborrezo tropezar co-a xente).

FESTIÑA D' OS BREÑALES...

Festiña d' os breñales, linda abrúla,
Pois o ermo afrixe, ¡seu rigor quebranta!,
Y-alegra os soutos, donde arrola a rula,
Y-as carballeiras, donde o malvís canta.

Mande Dios qu' inda enfeites miña lyra,
Y-a Virxe mande que contigo sean
A meiguice d' a fonte que suspira,
Y-a mágoa d' as espigas que lourean.

Beira d' un carreiriño polvorento,
Sen máis amores qu' os d' un triste fento,
Debullándose en bágoas, véute a y-alba,

E, con todo, feliz, ¡oh, flor!, t' eu creyo
A o notar que pr' as festas sobr' o seyo
Te levan carpazonas de Trasalba.

A LUZ QU' É TUA

Tamén a luz d' a y-alba t' hermoseya;
Mais a que te sublima, a luz qu' é tua
Intima devotiña, bruta aldeya,
Ven d' os ermos inhóspitos d' a lua...

Debalde a acolles, o sembrante sério,
Debalde a encaras, a mirada fría,
Seu sorriso t' atrai... Un cementerio
Non che inspirara máis melancolía...

Nos brazos d' o luar esmaecida
Te ve meu núme, en fin: da tua vida
Restan sólo salayos d' unha fonte,

Y-os queixumes d' aquel piñeiro grave
Que por ser torto non valeu pra trave
D' unha ermidiña que coroa o monte.

LEMBRANZAS

¡Oh, divina Saudade!, compañeiras
Ch' eu mostrara si é certo que as precuras:
Son cal rosas cortadas d' as roseiras,
Estreliñas ausentes d' as alturas.

Lembranzas son de lindas pegureiras,
De fascinantes meigas criaturas,
Qu' en noites de lunar d' as Coruxeiras
Baixan ô fiandeiro de Cesuras.

A Lua cheya bríndalles rayolas
Mentras soléne, as vé camiñar solas;
Pero entóldase axiña... Coma bruxos

Aparecen arteiros rondadores...
Elas cantan, y-os bravos aturuxos
Túrban-a paz d' os pinos fungadores.

BEN PÓ-LA ALMA

Ay Dios!, y-ha chegar a hora
de salir pra dormir fora...

Camiña nova entre cruces!,
en balde che tiran rosas,
en balde che achegan luces.

Ben abertos, ben zarrádos,
os olliños d' os difuntos
soles che son xa apagados...

E pois, de certo, âs escuras,
festa serêmos d' os vermes
ô xacer nas sepulturas,

ende nos chegando a hora
de salir —n' un cadaleito
de pino—, pra dormir fora,

Mai de Xesús, ¡leve a palma
entr' os vivos quen ôs mortos
nos faiga ben pó-la alma!

GLOSARIO

A

ABEDOEIRA.—Abedul.
ABELORIOS.—Abalorios.
ABERTO.—Abierto.
ABOFELLAS.—Ciertamente, de verdad.
ABÓNDAME.—Bástame.
ABORREZO.—Aborrezco.
ABROLLOS.—Abrojos.
ABRULA.—Digital.
ACARÓN.—Junto, al lado.
ACENA.—Hace señas, indica, llama a uno con la mano o le invita con el ademán.
ACOLLES.—Acoges.
ACIBRO.—Acebo, árbol silvestre, de madera dura y flexible.
ACHEGAN.—Allegan, acercan, arriman, acogen, ponen junto a, reunen.
ADIANTE.—Adelante.
ADOITA.—Acostumbra.
ADORMEZA.—Adormezca.
ADRAL.—Atrio.
ADRO.—Atrio.
AFRIXE.—Aflige.
AGARIMA.—Amparo, protección. Cariño.
AGASALLAR.—Agasajar.
AGASALLO.—Agasajo.
AGOIRARÁS.—Augurarás.
AINDA.—Aún.
AIRIÑOS.—Dim. de aires.
ALÁ.—Allá.
ALDEYA.—Aldea.
ALÍ.—Allí.
ALMIÑA.—Dim. de alma.
ALÓ.—Allá. A lo lejos.
ALOUMIÑA.—Acaricia, halaga.
ALUMAR.—Alumbrar.
ALXÓFARES.—Aljófares.
AMARELIÑAS.—Dim. de **amarelas** = amarillas.
AMARGURA.—Que llena de amargura.
ALLEYO.—Ajeno.
AMANTIÑOS.—Dim. de amantes.
AMOROSIÑO.—Dim. de amoroso.
ANOS.—Años.
ANTR'O.—Entre el.
APAREZA.—Aparezca.
APARTÓU.—Apartó.
APRACER.—Aplacer, agradar.
AQUELA.—Aquella.
ARBORIÑO.—Dim de **árbor** = árbol.
ARGALLADORA.—Embustera, trapacera. Mentirosa, embrolladora, engañadora.
ARTEIROS.—Arteros.
ARVOREDO.—Arboleda.
ARREDÁ-LA.—Apartarla, separarla.
ARROLA.—Arrulla.
AS.—Las.
ÁS.—A las.
ASOBALLA.—Avasalla.
ATALLEMOS.—Atajemos.
ATRAI.—Atrae.
ATURUXOS.—Gritos guturales expansivos, agudos, fuertes y prolongados, que los mozos de nuestras aldeas lanzan cuando regresan de las romerías, cuando andan de **ruada** o **tuna**, cuando acompañan algunas mozas, o cuando desean hacerse conocer a distancia, de sus novias o de sus rivales en amoríos.

ATRUXAN.—Lanzan **aturuxos.**
AUGA.—Agua.
AUGUIÑA.—Dim. de **agua** = agua.
AVENZA.—Rebaño de cualquier ganado que tiene una persona. Conjunto de ganado lanar y cabrío.
AXE.—Ofenda con palabras, humille, ultraje, injurie, etc.
AXIÑA.—En seguida. Muy pronto. De prisa, en breve tiempo.
AXOTA.—Ahuyenta, desecha, hace desaparecer. Espanta.

B

BACORIÑOS.—Dim. de **bácoros** = lechones, cochinillos que todavía maman.
BAGOAS.—Lágrimas.
BAIXAN.—Bajan.
BAIXIÑA.—Dim. de **baixa** = baja.
BEIRA.—Orilla.
BEN.—Bien.
BERCE—Cuna.
BERRO.—Grito. Voz alta y esforzada.
BES.—Bienes.
BICA.—Besa.
BISABÓS.—Bisabuelos.
BÓ.—Bueno.
BOA.—Buena.
BOUZAS.—Matorrales.
BRANCA.—Blanca.
BRANQUEXEN.—Blanqueen.
BRAÑEGO.—Montañés.
BRÉTEMA.—Niebla, neblina, bruma, vapor acuoso a modo de nube rastrera.
BRILADORA.—Brilladora.
BRIZA.—Lozana.
BRUXOS.—Brujos.
BUXO.—Boj.

C

CABECEIRAS.—Cabeceras.
CADALEITO.—Ataúd.
CAI.—Cae.
CAL.—Cual.
CALO.—Callo.
CAMIÑA.—Dim. de cama.
CAMIÑAR.—Caminar.
CÁN.—Caen.
CANDO.—Cuando.
CANGA.—Acomoda.
CANTÉ.—Equivale a «¡Así es!», «¡Ya lo creo!», «¡Ojalá!», etc.
CANTIÑO.—Rincón. Lugar, sitio.
C'AQUELAS.—Con aquellas.
CARBALLEIRAS.—Robledales.
CARBALLO.—Roble.
CARPAZA.—Brezo.
CARPAZONA.—Nombre que dan en algunas comarcas a las montañesas.
CARTO.—Cuarto.
CARREIRIÑO.—Dim. de **carreiro** = senda, camino.
CASIÑA.—Dim. de casa.
CAXIGOS.—Quejigos, árboles de la familia de las cupulíferas.
CEDO.—Temprano.
CEGO.—Ciego.
CEGUIÑA.—Dim. de **cega** = ciega.
CEIBA.—Suelta. Desata. Liberta.
CERTO.—Cierto.
CEYO.—Cielo.
CIMBROS.—Cumbres.
CO-A.—Con la.
CO-AS.—Con las.
COBIZAL-O.—Desearlo, codiciarlo.
COIDO.—Creo.
COLLELA.—Cogerla.
COMPAÑEIRAS.—Compañeras.
CONTAN.—Cuentan.
CONTIÑAS.—Dim. de **contas** = bolitas ensartadas que componen el rosario.
CONVÉN.—Conviene.
COROA.—Corona.
CORTELLO.—Pocilga. Establo en donde se recoge el ganado de cerda.
CORVO.—Cuervo.
C'OS.—Con los.
COUSA.—Cosa.
COVAS.—Cuevas.

CREYO.—Creo.
CRUCEIROS.—Cruceros.
CUME.—Cumbre.

CH

CHAIRAS.—Planicies, tierras llanas. Vallecillos de diferentes cultivos.
CHE.—Te.
CHEGAR.—Llegar.
CH'EU.—**Che eu** = te yo. Yo te.
CHEYA.—Llena.
CHORA.—Llora.
CHOVE.—Llueve.
CHURRUSQUEIRA.—Graciosa, donosa.

D

D'A.—De la.
DEBEU.—Debió.
DEBULLÁNDOSE.—Desgranándose.
DEFENDA.—Defienda.
DEGARADAS.—Ansiosas.
DEIXA.—Deja.
DEIXÓU.—Dejó.
DELOR.—Dolor.
DESCUBERTO.—Descubierto.
DESERTO.—Desierto.
DESPÓIS.—Después.
DESQUE.—Desde que.
DESTERRO.—Destierro.
DEU.—Dio.
DEVOCIÓS.—Devociones.
DEVOTIÑA.—Dim. de devota.
DIABRO.—Diablo.
DIANTE.—Delante.
D'O.—Del.
DOCES.—Dulces.
DOÍÑA.—Dim. de **doa** = cuenta, cada una de las bolitas del rosario o collar.
DONO.—Dueño.
DOUS.—Dos.

E

É.—Es.
EDRA.—Yedra.
ELA.—Ella.
ELAS.—Ellas.
ENCRUCILLADAS.—Encrucijadas.
ENDE.—Modificando los tiempos de algunos verbos, según el sentido de la oración significa: tan pronto, tan pronto como, así que, después de, luego que, en seguida que.
ENFEITES.—Adornes.
ENLEVO.—Arrobamiento. Embeleso, encanto.
ENMEIGADORA.—Que **enmeiga** o embruja.
ENXEBRE.—Puro, libre y exento de mezcla. Castizo.
ERMIDA.—Ermita.
ERMIDIÑA.—Dim de **ermida** = ermita.
ERMOS.—Yermos.
ESCANO.—Escaño.
ESCUMAS.—Espumas.
ESCURAS.—Oscuras.
ESGARRAPIZA.—Desgarra.
ESMAECIDA.—Desvanecida.
ESPALLA.—Esparce. Extiende.
ESPELLO.—Espejo.
ESPERTA.—Despierta.
ESPIÑA.—Espina.
ESPIÑO.—Espino.
ESPIÑOU.—Espinó.
ESPREITAR.—Acechar. Espiar.
ESQUENCER.—Olvidar.
ESTONTEYA.—Entontece.
ESTRELA.—Estrella.
ESTRELIÑA.—Dim. de **estrela** = estrella.
ESVEDRO.—Madroño.
EU.—Yo.

F

FACER.—Hacer.
FADA.—Hada.
FAGUÉL-O.—Hacer el.

FAI.—Hace.
FAIGA.—Haga.
FALA.—Idioma, lengua.
FALAR.—Hablar.
FALIÑA.—Dim. de **fala.**
FALTALL'O.—Fáltale el.
FAN.—Hacen.
FARÍA.—Haría.
FAROLIÑOS.—Dim. de faroles.
FARTURA.—Hartura.
FEITA.—Hecha.
FEITIZA.—Hechiza.
FENTO.—Helecho.
FERIN.—Herí.
FERINO.—Herilo.
FERMOSURA.—Hermosura.
FERO.—Fiero.
FESTA.—Fiesta.
FESTEXO.—Festejo.
FESTIÑA.—Dim. de **festa** = fiesta.
FÍA.—**Fiadeiro, fiada,** reunión de mujeres para hilar.
FIANDEIRO.—Hilandero. Paraje donde se hila.
FILLAS.—Hijas.
FILLIÑO.—Dim. de **fillo** = hijo.
FÍO.—Hilo.
FLORESCERON.—Florecieron.
FOGUEIRAS.—Hogueras.
FOI.—Fue.
FOLERPAS.—Copos de nieve.
FOLG'ACABO.—Huelga acabo.
FOLLAS.—Hojas.
FONDAL.—Parte baja del terreno labradío.
FONTE.—Fuente.
FONTELIÑA.—Dim. de **fonte** = fuente, manantial.
FORA.—Fuera.
FORTE.—Fuerte.
FRAUTA.—Flauta.
FROITOS.—Frutos.
FROLIDAS.—Floridas.
FROLIÑAS.—Dim. de **froles** = flores.
FRORIÑAS.—Dim. de **frores** = flores.
FROUMA.—Pinocha.
FUNGADORES.—Que braman con fuerza.
FURTA.—Hurta. Roba. **Figurado:** Esquiva, desvía.
FURTÁNDOSE.—Hurtándose.

G

GABAR.—Alabar, elogiar.
GADO.—Ganado.
GARDO.—Guardo.
GRILEIRA.—Grillera.
GRINALDAS.—Guirnaldas.
GROSEIRA.—Grosera.
GUEIVOTAS.—Gaviotas.
GUICIÑOS.—Dim. de **guizos** = pedacitos de madera, astillas.

H

HASTRA.—Hasta.
HASTR'AS.—Hasta las.
HEIME.—Heme.
HERBIÑA.—Dim. de **herba** = hierba.
HERDACHES.—Heredaste.
HERMOSEYA.—Hermosea.
HIRMÁ.—Hermana.
HIRMAO.—Hermano.
HIRMAUCIÑO.—Dim. de **hirmau** = hermano.
HIRTA.—Áspera. Erizada. Derecha, tiesa.

I

IGRESIA.—Iglesia. Templo.
INCERTA.—Incierta.
INCREPÓU.—Increpó.
INDA.—Aún. Todavía.
INQUIETÓU.—Inquietó.
INVERNA.—Invierna.
IRTA.—Derecha, tiesa. Aspera, dura.
ISOLADA.—Aislada.
ISTE.—Este.

L

LABERQUIÑA.—Dim. de **laberca** = cogujada; calandria.
LAGRIMIÑAS.—Dim. de lágrimas.
LAPARADAS.—Llamaradas.
LEDOS.—Alegres. Placenteros.
LEMBRA.—Recuerda.
LEMBRANZAS.—Recuerdos.
LENGUAXE.—Lenguaje.
LEVAN.—Llevan.
LIDEN.—Lidien.
LIMOSNIÑA.—Dim. de limosna.
LOGRAREINA.—Lograréla.
LOMBO.—Lomo. Espalda.
LOUREAN.—Maduran.
LOUREIRO.—Laurel.
LÚA.—Luna.
LUAR.—Luz de luna.
LUME.—Lumbre. Fuego.
LUS.—Luz.

LL

LLE.—Le.
LLES.—Les.

M

M'A.—Me la.
MÁGOA.—Aflicción. Dolor. Pena. Sentimiento grande.
MAI.—Madre.
MAIL-A.—Más la.
MAIS.—Pero. Más.
MANEIRAS.—Maneras.
MANSIÑO (de).—Dim. de manso.
MANTILLIÑA.—Dim. de mantilla.
MARELIÑA.—Dim. de **marela** = amarilla.
MARIÑA.—Comarca cercana al mar.
MAUS.—Manos.
MEDO.—Miedo.
MEIGA.—Encantadora, seductora, que tiene atractivo. Bruja.
MEIGUICE.—Encanto, seducción, atractivo. hechizo, embeleso.
MEIXELAS.—Mejillas.
MELLOR.—Mejor.
MENTRAL-A.—Mientras la.
MENTRAS.—Mientras.
MENTRE-LA.—Mientras la.
MERLO.—Mirlo.
MESTO.—Espeso, denso.
MEU.—Mi, mío. El femenino es **miña.**
MILAGRE.—Milagro.
MILLOR.—Mejor.
MIN.—Mí.
MIÑA.—Mi, mía. El masculino es **meu.**
MIMIÑO.—Dim. de mimo.
MIUDIÑAS.—Dim. de **miudas** = menudas, pequeñas, chicas.
MIUDO.—Menudo.
MOCA.—Cachiporra.
MOITO.—Mucho.
MOLLA.—Moja.
MORTOS.—Muertos.
MORRE.—Muere.
MORREU.—Murió.
MORRO.—Muero.
MOSTRA.—Muestra.
MOVE.—Mueve.
MUIÑOS.—Molinos.
MURTA.—Mirto.

N

NACEU.—Nació.
NACÍN.—Nací.
NAIDE.—Nadie.
NAMORA.—Enamora.
NAS.—En las.
NEBRA.—Niebla.
NENAS.—Niñas.
N-ESTES.—En estos.
NEVE.—Nieve.
N'HEDES.—No habéis.
NIÑO.—Nido.
N-O.—En el.
NOITE.—Noche.
NON.—No.
NON-O.—No lo.

NON QUE LOGO.—No faltaba más, sólo eso faltaba.
NORDESÍAS.—Vientos del Norte.
NOS.—En los.
NOSA.—Nuestra.
NOTOU.—Notó.
NOVA.—Nueva.
NUDEZ.—Desnudez.
NÚME.— Numen.
N-UNHAS.—En unas.

O

Ó.—Al.
Ô.—Al.
OIN.—Oí.
OIND'O.—Oyendo el.
OLL'AS.—Mira las.
OLLIÑOS.—Dim. de **ollos** = ojos.
OLLOS.—Ojos.
ON.—Un.
OND'A.—Junto a la.
ORA.—Ahora.
ORBALLA.—Llovizna.
ORBALLADA.—Llovizna. Niebla. Rocío.
ORBALLO.—Llovizna.
ÔS.—A los.
OU.—O.
OURO.—Oro.
OUSADA.—Osada.
OUTRO, A.—Otro.

P

PAI.—Padre.
PANIÑO.—Dim. de **pano** = paño.
PANTASMA.—Fantasma. Alma en pena.
PAXARIÑO.—Dim. de **paxaro** = pájaro.
PAZO.—Palacio. Casa señorial o solariega.
PÉ.—Pie.
PEDRA.—Piedra.
PEGUREIRAS.—Pastoras.
PENA.—Peña.
PENDURA.—Cuelga.
PENEDO.—Peñasco. Peña muy grande y elevada.
PENSO.—Pienso.
PEQUENA.—Pequeña.
PERDE.—Pierde.
PERDERA.—Perdiera.
PERNA.—Pierna.
PIEDOSO.—Piadoso.
PINTASILGO.—Jilguero.
PIÑEIRAL.—Pinar.
PIÑEIRO.—Pino.
POBRESIÑA.—Pobrecita.
POIS.—Pues.
POLA.—Rama.
POL-A.—Por la.
POL-O.—Por el.
PÔN.—Pone.
POÑA.—Ponga.
POUCO.—Poco.
PRA.—Para.
PRACENTEIRO.—Placentero.
PRANTO.—Llanto. Planto.
PRAVIAS.—Arces.
PRECURAS.—Procuras.
PRESADAS.—Puñados.
PRETO.—Cerca. Cabe, junto a. Próximo.
PROBE.—Pobre.
PROBIÑA.—Dim. de **probe** = pobre.
PRODIXIO.—Prodigio.
PRINCESIÑA.—Dim. de princesa.
PUBELA.—Pinocha.
PUCHARQUIÑA.—Dim. de **pucharca** = poza, oquedad, concavidad en que hay agua detenida.
PUIDERA.—Pudiera.

Q

QUEIMA.—Quema.
QUEIRAS.—Quieras.
QUEIROGUENTA.—Derivado de **queiroga** = cisto, jara.
QUEIXA.—Queja.
QUEIXUMES.—Quejas. Lamentos.

QUEN.—Quien.
QUÉR.—Quiere.
QUEREDES.—Queréis.
QUIXERA.—Quisiera.
QU'OS.—Que los.

R

RAMAXE.—Ramaje.
RAYOLA.—Rayo de sol tenue.
REBULDAR.—Retozar. Saltar. Juguetear a impulsos de la alegría.
RECOLLA.—Recoja.
RECOLLÉLAS.—Recogerlas.
RECUNCHOS.—Rincones.
RELUCENTES.—Relucientes.
RENDAN.—Rindan.
REPINICADAS.—Emperifolladas. muy adornadas y recompuestas, dicho de las personas.
REQUEBROS.—Requiebros.
REVE.—Deleita.
RIGUÉIRIÑO.—Dim. de **rigueiro** = arroyo.
RISEIRAS.—Risueñas.
RIXIDEZ.—Rigidez.
ROLDEI.—Rondé. Galanteé.
ROSADA.—Rocío.
ROSEIRA.—Rosal.
ROSIÑAS.—Dim. de rosas.
ROXO, A.—Rojo. Rubio.
RUADAS.—Diversiones de aldeanos que se reunen en la **rúa** para cantar, bailar, etc.
RULA.—Tórtola.

S

SABUGUEIRO.—Saúco.
SALAYOS.—Suspiros. Gemidos, lamentos.
SALOUQUIÑOS.—Dim. de **saloucos** = sollozos.
SALVAXE.—Salvaje.
SAUDADE.—Recuerdo melancólico de lo que pasó o de lo que se desea. Mal de ausencia. Añoranza. Nostalgia.
SAUDOSO, A.—Nostálgico. Que tiene o produce **saudade.**
SEBE.—Vallado. Seto. Cerca que se hace con estacas o ramajes.
SEDE.—Sed.
SEI.—Sé.
SEIQUE.—Creo que. Entiendo que. Acaso.
SEIXOS.—Guijarros de cuarzo.
SEMBRANTE.—Semblante.
SEMPRE.—Siempre.
SEN.—Sin.
SEÑA.—Sea.
SERRA.—Sierra.
SEU.—Su.
SEYO.—Seno.
SINXELAS.—Sencillas. Simples. Ingenuas; sinceras, sin doblez ni engaño; sin afectación.
SOA.—Suena.
SOBREPUXAR.—Sobrepujar.
SOLÉNE.—Solemne.
SOLIÑA.—Dim. de sola.
SON.—Soy.
SONIÑOS.—Dim. de **sonos** = sueños.
SONO.—Sueño.
SOÑA.—Sueña.
SOÑO.—Sueño.
SORTE.—Suerte.
SORRÍ.—Sonríe.
SORRISO.—Sonrisa.
SOSEGO.—Sosiego.
SOUTOS.—Sotos.
SUBÍN.—Subí.
SURRISAS.—Sonrisas.
SUSPIRIÑO.—Dim. de suspiro.

T

TAMÉN.—También.
TARREA.—Terrena.
TECEDEIRA.—Tejedora.
TEL-OS.—Tienes los.

TEÑO.—Tengo.
TERRA.—Tierra.
TESOURO.—Tesoro.
T'EU.—Te yo. Yo te.
TIVERA.—Tuviera.
TOLAS.—Locas, de poco o ningún juicio.
TORTO.—Torcido.
TOXALES.—Tojales.
TOXO.—Tojo.
TRAVE.—Viga.
TRAXE.—Traje.
TREMELUCEN.—Brillan con luz trémula.
TRIPANDO.—Pisando.
TRISTURA.—Tristeza.
TROCO.—Trueco.
TROCÓUSE.—Trocóse.
TUA.—Tuya.
TURREIRO.—Plaza. Espacio de terreno, generalmente llano y desprovisto de hierba y de árboles, donde nuestros aldeanos celebran sus bailes.

U

ULINDO.—Oliendo.
UNHA.—Una. Forma femenina de **un.**
UZ.—Urce. Brezo.

V

VAGALUMES.—Luciérnagas.
VAGARCIÑO (de).—Despacito, lentamente.
VAGAROSO.—Lento.
VAI.—Va.
VAL.—Valle.
VALEU.—Valió.
VEL-A.—Ver la.
VELLIÑO.—Dim. de **vello** = viejo.
VELLO.—Viejo.
VEN.—Viene.
VEÑA.—Venga.
VERMES.—Gusanos.
VERMIÑO.—Dim. de **verme** = gusano.
VEU.—Vio.
VÉUTE.—Viote.
VEXA.—Vea.
VÉXOTE.—Véote.
VIR.—Venir.
VIRAZÓN.—Viento que sopla del mar.
VIRXE.—Virgen.
VIRXEN.—Virgen.
VIRXINAL.—Virginal.
VOLAINIÑA.—Mariposa.
VOU.—Voy.
VRAU.—Verano.

X

XA.—Ya.
XACER.—Yacer.
XEITO.—Modo, aire.
XENTE.—Gente.
XESTAS.—Retamas.
XIRON.—Girón.
XOÏÑA.—Dim. de **xoia** = joya.
XOYERÍA.—Joyería.
XUNTO.—Junto.

Y

Y-A.—Y la.
Y-ÉME.—Y me es.

Z

ZANFOÑA.—Zanfonía.
ZARALLO.—Calabobos, llovizna.
ZARRADOS.—Cerrados.
ZOCAS.—Zuecas.
ZOÑA.—Aborrecimiento, aversión.

EPÍLOGO

ANTONIO NORIEGA VARELA

1

UN MESTRE DE ESCOLA

Follas novas e *Aires da miña terra* son de 1880; *Queixumes dos pinos*, de 1886. Temos de agardar que comencen a decorrer os anos do século XX pra poder rexistrar a aparición de libros de poesía galega que non desmerezan a carón dos referidos moimentos literarios.

Nada sustancial ven a enrequentar o tesouro da nosa lírica até a revelación de Noriega Varela.

Noriega Varela nacéu en Mondoñedo o ano 1869. Despóis de abandonar o Seminario, no que iniciara estudos, ingresóu no maxisterio oficial de primeiro insino, e pasóu a mor parte da súa vida exercendo no agro a súa profesión. Todo isto é moi importante pra espricar e comprender a súa poesía.

Os estudos de humanidades déronlle, ao acaroalo ao latín, un certo senso virxilián da égloga que, non embargantes, circula máis como seiva oculta que como froito patente na súa poesía. Agroma á tona algunha vegada en forma de adxetivo nobre, de ritmo crásico, de bosquello amplio. Mais, de certo, compre limitar estreitamente ista tonalidade. Só o sentimento doce e saudoso da natureza que atopamos en Noriega, lembra propiamente a Virxilio, e aínda nisto habería que restar o que é espontánea afeición galaica e o que pode chegar por vía do saudosismo portugués, un de cuios mestres, Teixeira de Pascoaes, sostivo con Noriega tan cordiás relacións. Endebén, a capacidade pra unha poesía bucólica de arte mor, xa que non pola estensión, pola dignidade do estilo, amosa elementos crásicos.

A súa vida rural púxolle ante os ollos unha riqueza inesgotabre de temas. Sempre será ouxeto digno de meditación o enlace da obra campesiña e da vida campesiña de Noriega. Por moito tempo non

resultará posibre unha biografía pontual de Noriega Varela, A súa vida carez de acontecimentos esteriores que susciten intrés. A súa biografía sería o seu anecdotario, ao traveso do cal poderíamos esculcar o funcionamento dos mecanismos de reaición de ista alma galega perante os estímulos que o arrodeaban. O que no carácter de Noriega había de labrego é incomprensibre pra un esprito cidadán, que hachará somente farsa, casmurraría e malicia no que probabremente non é outra cousa que unha codia defensiva segregada por unha avisada mente ante as conxunturas comprexas en que a situaba a súa circunstancia histórica. Noriega non vivía no campo como Teixeira de Pascoaes. No mundo cotián do seu arredor non era o senlleiro poeta que camiña polas vereas a pastorear ensoños. Era o mestre de escola, malvivindo do mísero soldo oficial e da benevolencia dos pais dos seus discípulos. Enteiramente mergullado na vulgaridade do vivir aldeán, tendo de convivir necesariamente cos representantes das baixas esferas oficiás, obrigado a facer favores e a solicitalos, só confondíndose enteiramente con ise mundo do que vivía, e tapullando na súa vida ordinaria os chafarís líricos que cicaves puxaban por xurdir, podía atopar unha intelixencia co ambiente. Intelixencia que lle era necesaria non só pra ir tirando coa súa vida de probe funcionario rural, senón por ventura tamén pra tecer, sen suscitar desconfianza e apartamento, a súa obra poética. Un mestre que fai versos, pero que fala, pensa e sinte coma o cabo da guardia civil, coma o crego, coma o pedáneo, coma o labrego. Ista era a realidade esterna de Noriega Varela pra os que vivían ao seu redor. Non nos estranemos de non atopar nil un Mallarmé. ¿Un Mallarmé de Calvos de Randín?

¡Cántos mestres de escola coñezo que reaicioan cen veces peor ante o meio rural! Con xenreira, con noxo, con pedantería. Ven na aldea o lixo, a iñorancia, o atraso tan só. Non lle perdoan a falta do fútbol, do cine, da electricidade, da traguida de augas, do bar, de todas as comodidades e as perversións vilegas. Alleos aos nosos paisáns, arríncanlles aos seus fillos na escola as vertudes campesiñas. Noriega, axeitándose ao meio, calquera que fose a caroza que se botóu ás costas pra termar o zarrallo do cotián campesiño, soupo penetrar na humilde e profunda beleza rural. Soupo estraer de ise mesmo mundo a poesía que encerra, e non só a mera tona escintilante de pintoresquismo, senón a esencia lírica máis enxebre. Amóu, pois, o campo, e soupo velo. Non era un esprito vulgar. Se non sementóu apostólicamente pra erguer a espritoalidade dos campesiños, pois máis ben revestíuse de ise mesmo esprito, non cometéu atentado

algún contra a pureza da alma do agro, i en troques dou elevada categoría estética aos motivos agrarios (1).

Se todos ises mozos, se todas isas mozas que ao cárrego de unha escola rural, consideránse hoxe desditados, queren distraguer a súa desdita lendo as poesías de Noriega Varela, verán que a montaña non é tan bruta, que o ermo non é tan vougo, que hai poesía e beleza no mundo en que lles tocóu vivir; e que se non atopan consolo á súa señardade na labor de maxisterio que están obrigados a realizar, inda poden tirar da súa vida de cotío, temas, motivos, pulos pra crear unha obra de arte, como fixo Noriega coa súa poesía. E non aborrecerán á aldea que lles pode ofrendar un tesouro de inspiración artística.

Se Galicia fora o campo, como algúns din, non habería poesía máis galega que a de Noriega Varela. Pero Galicia non é só natureza, é tamén historia. Galicia é tamén Compostela. *Na Catedral*, de Rosalía, é tan galega como *Toda humilde belleza*, do poeta que agora estudamos. Mais, ¿quén coma il soupo hachar lirismo na natureza campesiña? Se Rosalía elevóuse de unha fresca visión ouxetiva do noso mundo rural a un suxetivismo humán trascendente, Noriega permañecéu sempre fiel ao tema da natureza, pero evolucionando da poesía costumista ao lirismo das formas da paisaxe, incruídas as formas de vida humás.

Leal Insua (2) fala da iñorancia en que vivían respeito de Noriega Varela, cando o propio Leal os frecuentóu, certos círculos literarios

---

(1) É digno da mor atención pra deliñar a persoalidade humá do poeta —inda que sexa indiferente pra a valoración ouxetiva da súa obra— o feito de que Noriega, cuia poesía ten raigañas campesiñas tan fondas, vivía só próisimo ao agro o que éralle mester pra facer poesía do agro, dentro dos lindeiros que il coidaba axeitados. Oiamos a Otero Pedrayo (*O libro dos amigos*. Bos Ares, 1953): «O poeta da montana —ou millor do ermo, como seu libro— non tiña idea de cando se bota o millo, seitúrase o centeo ou ven o tempo das decotas. Tampouco sabía compoñer esas vivencias de horizontes en que acostuman a ser mestres os labregos con vagar, e no tocantes a orientaciós, distancias, memoria dos lugares, rubir nunha besta, tallar un pau e todos os costumes e artes elementales da campía, era tan iñorante e temeroso como un febre señorito *gomoso* de boa casa e zapatos de charol do derradeiro dazanove... En troques apreciaba o canto do merlo, coñezía os lirios das fragas, gastaba horas pescudando os xogos do luar nos soutos outonizos, alentaba bebéndoo en copa de horizontes, no ar das serras». O que proba contra algúns fanáticos mantedores da tese contraria, que pra sere poeta do agro non fai falla ter feito persoalmente cavada na bouza; como non é mester ter pescado personalmente o polvo pra sere poeta do mar. Hai campesiños poetas —Robert Burns foi un deles—; mais non é mester ser labrego pra chegar a poeta campesiño.

(2) *Notas para una interpretación del poeta Noriega Varela*, en *D'o ermo*, cuarta edición, Lugo, 1946; páx. 239.

madrileños. Non creo que Leal Insua conseguira intresar a ises círculos polo noso poeta. Coidar que hai unha arte capaz de conmover a todo o mundo, e unha creencia errónea. A arte é un fenómeno da vida e se apoia nela, inda cando aparez máis autónoma. A arte pola arte é arte pra artistas: apóiase na vida dos artistas. Así, unha obra de arte nace sempre pra irradiar a súa eficacia estética nunha atmósfera especial. O gozador da obra artística ten que vivir tamén nisa atmósfera pra se penetrar da beleza da obra gozada. A obra só vive, só respira nisa atmósfera, e fora de ela perde toda siñificación. Ningunha obra de arte é un mundo pechado en sí mesmo. Sempre comprétase fora de ela, meiante supostos e alusións a unha realidade que a condiciona. Se isa realidade non é de algún xeito vivida polo gozador, non hai gozo posibre: a obra é un simpre prodoito industrial que non remove a conciencia nen a subconsciencia; o prodoito artístico preséntase como algo incompreto, ou neutro, ou probe, ou opaco. Porque as súas luces non funcionan senón pra ollos que viron a realidade na que a obra ergue a súa presencia estética. Lémbrome de un poeta galego que se encollía desdenosamente de fros cando se lle falaba da poesía xaponesa e da poesía árabe. É, pois, natural que haxa quen faga o mesmo ante a poesía de Noriega. *Non omnia possumus omnes.* Unha obra artística só pode ser prenamente valorada dentro do meio cultural en que agromóu.. Pra os alleos a ise ambiente, a obra ten que ser allea. Se non a esistencia real dentro da forma de vida en que a obra foi enxendrada, requírese, ao menos, pra sentir a súa eficacia, un coñecimento profondo de isa vida. De eiquí as diferencias de gosto antre as nosas xeneracións e os pobos, afastados polo tempo, polo espazo.

Quen non haxa comungado coa vida campesiña galega, coa natureza galega, non poderá intresarse pola poesía de Noriega Varela, como non teña preocupacións e paisaxe afíns que podan apurralo simpáticamente á comprensión de isa poesía. Non só en Madrid, senón tamén en Santiago de Compostela hai xentes cultas e requintadas pra quen Noriega nada di, porque a súa conceición do mundo non é similar á de Noriega.

Noriega, coma o mariñeiro do romance, só di a súa canción ao que con il vai. A súa arte non oferece a xeneralidade de unha parte da obra de Rosalía (3), que ten permitido tabular sobor de ela a

(3) Aínda ista xeneralidade é relativa. O sentimento dorido de Rosalía non siñifica ren pra o home que vive atafegado pola conquista do mundo. A mente racioalista rexeitará como confuso o esprito de *Negra Sombra.* Se nos parez a de Rosalía a poesía humá máis auténtica e universal posible, é a causa da

homes alleos á cultura galega. A obra de Noriega pode ser analizada, é decir, feita anacos, por calquer técnico literario. Pero ficará esnaquizada, sinxelamente espricada como ouxeto de coñecimento, non como arte vixente e actuante, se ise técnico non coñece direitamente o mundo en que ten un valor funcional a poesía de Noriega Varela.

2

POESIA DESCRIPTIVA

Na obra máis antiga de Noriega Varela íste se nos aparez como un poeta descriptivo de costumes. Está na liña de Añón, Losada, Lamas e todos ou case todos os poetas menores do século XIX, que é a propia liña rosaliá dos *Cantares*. Pero dentro de ista liña, xa Noriega amosa unha relevante persoalidade. Encadra as súas esceas na montaña, e os seus persoaxes son brutamontes, que falan e proceden con unha rudeza característica. Ista poesía de Noriega Varela ten un tono fortemente orixinal, i é resultado de unha aguda visión realista. Non embargantes, na súa rusticidade é nobre, na súa malicia é sá. O poeta non pretende lucirse con bucolismos adeprendidos nen con ideoloxías escolares. Non é unha poesía social como a de Curros ou a de Leiras Pulpeiro. Non hai partidismo nista poesía. O poeta fala sempre como un labrego e nunca como un literato. É, pois, unha poesía enteiramente de primeira man, enteiramente natural, enteiramente espontánea. Vexamos uns exempros tomados de *Montañesas*.

Fale, meu bisabó (4). Briosa defensa das tradicións na fala, nos costumes, no arte, nos xeitos. Ridiculización dos esotismos.

Inverno (5). Láiase da dureza do inverno pra o montañés. Mágoa do pícaro pegureiro de habenza; do vello que alinda a vaca onde non hai herba, senón toxo; do camiñante sen cobexo.

Leite fresco (6). Ademirabre cadro da picaresca aldeá. Rexoubeos coas costureiras. Vizoso realismo.

Nus farrapos (7). A vida de un espósito. Cinxido dramatismo.

---

nosa conceición da esencia humá; conceición que dista moito de sere compartida por todos, e que, decididamente, non serve pra o xogador de fútbol, o fabricante de automobles, ou a estrela de variedades. É difícil que istas xentes lean a Rosalía co mesmo interés que os estudosos de Heidegger.

(4) *Montañesa*. 2.ª edición. Mondoñedo, 1910. Páx. 9 ss.
(5) Id. Páx. 22 ss.
(6) Id. Páx. 25 ss.
(7) Id. Páx. 35.

De ruada (8). Costumes. Máis espontaneidade e troula que en Lamas. Máis ledicia que en Curros. Máis retranca que en Rosalía.

Pra as canónigas (9). A comparar con Benito Losada, *A festa de Gundián.*

A montaña (10). Inspiración direita e auténtica.

Sal de us pumares (11), *Toca a gaita* (12), *Haxa no monte festa* (13). Envido a gozar da vida, pois xa hai mágoas de abondo.

Decote, ademirabre língoa enxebre e viva, firme versificación.

Non hai ren en Noriega Varela, cando pubrica *Montañesas* (14), que disinta da estética dos precursores. A métrica é tamén a mesma, reducida a unhas poucas formas sinxelas que o poeta domina dende o primeiro intre con mestría. Noriega é versificador nato. Todos os que o coñeceron ademiraron as súas condicións de improvisador.

Así, Noriega aparécesenos como un poeta tradicioal, e, abofellas, sempre mantivo ise aspeito. É o menos revolucionario dos grandes poetas galegos. Non hai nil xeito algún de rotura co anterior: tal actitude se non avén coa súa índole. Os temas que tratóu son tamén os tradicionás. Pero ise conservadurismo non siñifica reiteración i estancamento. Hai eiquí tradición no mellor senso. O poeta recibe un legado e o adeministra prudentemente, pero moi esperto ás súas necesidades íntimas. Non falaríamos de Noriega Varela niste libro se Noriega Varela non supuxera na lírica galega unha aportación sustancial. Xa *Montañesas* amosa un acento persoal, e xa en *Montañesas* aponta o lirismo que, sen acenos violentos, senón meiante sinxelas, pero profondas inflexións, vai traguer en *D'o ermo* ao tesouro da tradición un arrequentamento positivo.

---

(8) Id. Páx. 37 ss.
(9) Id. Páx. 58 ss.
(10) Id. Páx. 63 ss.
(11) Id. Páx. 71.
(12) Id. Páx. 73 s.
(13) Id. Páx. 143.
(14) A primeira edición de *Montañesas* é de 1904. A segunda, a citada de 1910. A terceira está incorporada coa carta de *D'o ermo* (1946).

3

LIRISMO

Xa en *Montañesas* pódense rastexar agromos de lirismo. En *O meu difuntiño* (15) a voz de Noriega soa xa con acento persoal en canto canta unha mágoa do propio poeta, e non é un galego xenérico —o labrego de sempre— o que escoitamos (16). E sobre todo, en *Montañesas* iníciase xa a visión franciscá do mundo, a piedade tenra, que é resorte de lirismo enxebre. O Cristo do cruceiro da montaña ten sempre aceite no seu faroliño (17). Ás imaxes dos santos nas eirexas non lles faltan nunca velas de cera virxe (18). O poeta non quer máis aos seus fillos que aos selvosos lugares que o cautivan (19). Ista tenrura vai desembocar en *D'o ermo* nunha poesía lírica de singular intensidade e de cinxida e perfiada forma.

A tenrura, anxo de luz de Galicia (20). Galicia, cuia divisa quer o poeta que sexa unha cruz sinxeliña (21). Istes son os motivos, pra Noriega inseparabres, da súa lírica. A súa Galicia é a Galicia da montaña, probe, pero engaioladora, diversificada en mil humildes crianzas que il agarima, porque lle namora toda humilde beleza. A breve pucharquiña, as froriñas dos toxos, o vagalume, o grilo, a abrula, a xesta, as amoras, o orballo. Franciscanismo.

Pra Aquilino Iglesia Alvariño (22), Noriega é poeta franciscán máis que cantor da montaña. Se cantóu a montaña foi en vertude de unha sorte de pacto con Leiras Pulpeiro, que, partindo tamén de Mondoñedo, tirou pra a mariña. I en verdade, os aspeitos da montaña que presenta a poesía de Noriega Varela son somente aqués que mellor se apreixan no sentimento franciscán. Noriega non fai a epopeia

---

(15) *Montañesas*. 2.ª edición. Páx. 55 s.

(16) En troques é un galego xenérico —o labrego de sempre—, a voz do pobo, quen canta a morte da nai en *Santiña churrusqueiriña* (páx. 141) e *Qué dirán, que dirán as lindas mozas* (páx. 151). Acentos mais individoás atopamos en *Morte de miña nai* (páx. 125 s.).

(17) Páx. 117.

(18) Páx. 133.

(19) Páx. 147.

(20) *D'o ermo*, 4.ª edición, páx. 177.

(21) Id. Páx. 189.

(22) *Noriega Varela, poeta da montaña*. Conferencia pronunciada no Centro Obreiro de Cultura de Ferrol. *Nós*, núm. 110. 1933.

xeolóxica da montaña nen aspira a dar unha visión ouxetiva i en grande da mesma; senón que esmiuza a montaña en visións líricas suxetivas tinxidas de agarimo ao humilde e tenro que nela hai. Pero franciscanismo e montaña están fortemente trabados. En Noriega o primeiro é a materia, o segundo a forma da súa poesía. Fora da montaña, o franciscanismo de Noriega enmudece. A pureza do ar, a austeridade da paisaxe, a limpeza das augas, a castidade e sinxeleza das frores da montaña, fan da montaña o tema axeitado pra o poeta franciscán.

Iste mundo da montaña, amado e visto ao xeito franciscán, é refrexado pola poesía de Noriega nunha chea de poemas moi breves, de grande concentración espresiva, dos que *Unha breve pucharquiña* (23) pode ser considerado como típico. Prefiro elexilo en calidade de paradigma mellor que *As froliñas dos toxos* (24) —o máis divulgado do poeta—. Porque iste derradeiro, anque pola súa ideoloxía é símbolo da ética e a estética de Noriega, é literariamente do menos perfeito que Noriega escribíu. Comenza con alento, frescura e sinxeleza:

> ¡Nin rosiñas brancas nin craveles roxos!
> Eu venero as froliñas dos toxos.

O segundo pareado mantense a igual outura:

> Dos toxales as tenues froliñas
> que sorríen, a medo, entre espiñas.

O terceiro está un ponto máis baixo, porque non ten intensidade nen orixinalidade:

> Entre espiñas que o ceo agasalla
> con diamantes as noites que orballa.

O carto non se remonta:

> ¡Oh do i-ermo o preciado tesouro!:
> as froliñas dos toxos son de ouro.

E o derradeiro:

> De ouro vello son, mai, as froliñas
> dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!,

(23) *D'o ermo.* Ed. citada. Páx. 185.
(24) Id. Páx. 98.

súmese na vulgaridade no primeiro verso e manténse nela no segundo, sendo a verba *mai* e todo o hemistiquio final da ringleira que pecha a composición, máis ben ripios que espresións intrínsicamente xustificadas. O mesmo ritmo do derradeiro verso, máis de tróupele-tróupele que o do resto do poema, da a sensación de que o poeta, non atopando un acorde final axeitado dentro da armonía interna da cantiga, quer sustituilo por unha estormentación acusada que arrebate o ouvido forzándoo a unha superficial adhesión. Pero mesmo a prosodia do verso é infiz. Os dous acentos seguidos *(ciós mí)* son repunantes ao xenio da língoa galega. Estranas caídas de un versificador de xinea, como é Noriega, tratando un tema tan propio do seu estro.

Iste tipo de poema breve en tono menor é moi celebrado en Noriega. Mais a carón de il debemos suliñar a importancia dos sonetos.

4

OS SONETOS

Os sonetos de Noriega constituien un grupo de poemas que terían de se pubricar xuntos, isolados do libro en que figuran, pra aprecialos nas súas características sustantivas.

En *Montañesas* temos un soneto *Ó meu difuntiño*, que dempóis foi incorporado a *D'o ermo* (25). Niste mesmo libro (26) figuran vinteún sonetos máis: *Túa divisa; Cómo chove miudiño; Toda humilde belleza; A brétema; Ternura; Festiña dos breñales; Lembranzas; E porque é tan lugués; Airiños, aires; Sorrisas de elas* (27); *Almiña del Señor; Estrelas; Ora é unha abedoeira; Primavera; Na montaña bravía, Pai do ceo; Fastuoso carballo; O teu ánxel de luz; Exemplares froliñas; A luz que é túa; Si o filliño chora; Musa queiroguenta.*

Noriega, sen abandonar a súa tenrura, elevóuse nos sonetos, forma estrófica que domina sabiamente, a unha poesía de arte mor onde a sinxeleza e a solenidade celebran fices bodas. En valentísimos versos, de unha inspiración e unha perfeición crásicas, sublima o tema eglóxico, mantendo intacto o sentimento galego, polo equilibrio de fondo e forma, trazando cadros de agreste beleza e rara armonía.

---

(25) Co tiduo *Fillo do corazón.*
(26) *D'o ermo.* 3.ª edición, Mondoñedo, 1929.
(27) Co tiduo *Augiña fresca* na edición de 1946 (A luguesa).

Nunca a enxebreza e a lanzalía conxugáronse con máis fortuna na poesía galega que nistes sonetos, onde a fremosura da montaña enméiganos co seu enlevo virxinal e virxilián. Augas frescas, verdes vizosos, neves puras, carpazonas xentís, raiolas mornas. Feitizo irresistibre de unha poesía de miragreira saudade, onde Noriega atinxe os cimbros da montaña da inspiración.

O poeta entrara en relación cos seus colegas portugueses. Il, que parecía creer que non pode haber un galego literario distinto do galego rural, que non pode haber unha língoa galega fora do *sermo rusticus* (28), sorpréndenos agora empregando nos sonetos un galego máis próisimo ao portugués, con cultismos de abondo, e tonos e formas de espresión que nos lembran a Guerra Junqueiro ou a Teixeira de Pascoaes:

> e bebe, irmao dos astros e das rosas (29)
> na nudez adorable de unha estrela (30)

Entrecortados de escramacións e preguntas, estormentados con cabalgamentos e similicadencias que denotan, sen mingua da nidiez da inspiración, un grande talento artístico, istes sonetos constituien unha mostra de poder de síntese poética, singular dentro da nosa poesía. A súa estética imprica a superación máis venturosa do simple pintoresquismo aldeán e do mero lirismo sentimental, do realismo e do romantismo. Noriega saise niles do século XIX, e lega á súa terra unha sinfonía de calidades cromáticas e melódicas de incomparabre siñificación.

Inda que se presente como un copreiro rudo e se esconda tras da máscara do labrego, Noriega, ao facer istes sonetos e outras poesías análogas, era consciente de que realizaba unha arte culta, inda que de inspiración rural, como a dos grandes líricos bucólicos latinos e lusos. Isto esprica os seus termos escolleitos ou de grafía helenizante, aos que tamén son afeizoados os portugueses: *lympha, nimpha, phebea, lyra, pythonisa, mysterio, reyna, psalmear.*

Tamén dende o ponto de vista da métrica son os sonetos de Noriega algo novo na poesía galega. Porque Noriega segue niles o exempro dos poetas de fora que romperan na combinación das rimas os moldes crásicos. *Fillo do corazón* é un soneto enteiramente ortodoso. Todos os demáis aceitan pra a rima dos tercetos o esquema *AAB - CCB,*

(28) *Nosa fala. D'o ermo,* 4.ª edición; páx. 107.
(29) *D'o ermo.* 4.ª edición. Páx. 193.
(30) Id., páx. 132.

agás un que os rima *AAB - CBC*. Combínanse os cuartetos, ás veces sustituídos por serventesios ou convivindo un cuarteto e un serventesio, segundo diversos esquemas. Resultan os seguintes tipos de sonetos:

a) ABAB - CDCD - EEF - GGF (sete sonetos)
b) ABBA - ABBA - CCD - EED (seis)
c) ABAB - ABAB - CCD - EED (cinco)
d) ABBA - CDDC - EEF - GGF (un)
e) ABAB - BAAB - CCD - EED (un)
f) ABAB - ABAB - CCD - EDE (un)
g) ABBA - ABBA - CDC - DCD (un)

Istas liberdades i esperimentos confirman o carácter refresivo da forma artística na poesía do gran versificador que era Noriega Varela; o que non resta o valor de frescura orixinaria á súa obra, parella á de un Burns ou un Mistral (31).

R. CARBALLO CALERO

(De «Sete poetas galegos». Vigo, Editorial Galaxia, 1955. Páxs. 85-98)

(31) A tradición crásica española é mais ríxida na forma do soneto que a tradición orixinaria italiá. Aquéla, unha vez callada, non utiliza máis acentuación pra o endecasílabo que a da sílaba sesta ou a das sílabas carta e oitava. Nisto séguea Noriega. Pero non no esquema uniforme dos cuartetos, no que usa de liberdades que acaroan aos mestres italiáns. Xa en Dante i en Petrarca atopamos serventesios en troques de cuartetos, segundo o esquema *ABAB-ABAB*, como nos tipos c) e f) de Noriega. P. ex.; Dante, *Amor e'l cor gentil sono una cosa;* Petrarca, *Quel rosignuol che si soave piagne).* O sistema de tercetos en forma de sestina rubeniá, preferido por Noriega —tipos a), b), c), d), e)—, tan usado en castelán dende o modernismo, atópase xa en Anthero de Quental. É a forma tradicioal francesa.

REXISTRO

PÁXINA

VERBAS LIMIARES, por R. Otero Pedrayo 9

D'O ERMO

TEÑO AMORES NA MONTAÑA 25
Á MONTAÑA 27
SOA A GAITA 30
E PORQU' É TAN LUGUÉS... 31
COUSA BONITA... 32
PASA UN VERMIÑO 34
AS FROLIÑAS D' OS TOXOS 35
DIANTE D' OS QUE ATRUXAN FORTE... 36
NOSA FALA 38
LABERQUIÑA... 40
OUBEA O LOBO... 41
CANTAR MONTAÑÉS 42
PRA QU' A INERME PROBEZA... 43
TODA HUMILDE BELLEZA... 44
ORA É UNHA ABEDOEIRA... 45
A SAUDADE 46
A BRÉTEMA 48
TERNURA 49
PRIMAVERA 50
UNHA BREVE PUCHARQUIÑA... 51
AIRIÑOS, AIRES... 52
AUGUIÑA FRESCA 53
MUSA QUEIROGUENTA 54
CÓMO CHOVE MIUDIÑO... 55
EMBREÑARME PROCURO... 56

PÁXINA

Na montaña bravía, Pai d' o ceyo!... 57
Festiña d' os breñales... 58
A luz qu' é tua 59
Lembranzas 60
Ben pó-la alma 61

Glosario 63

Epílogo, por R. Carballo Calero 73

Rematóuse de imprentar o 17 de maio do 1969, "Día das Letras Galegas", nos talleres da Editorial Moret, da Cruña, baixo o patrocinio do Honorable Concello de Viveiro, terra onde descansan os restos mortás do sempre lembrado Noriega.

REAL
GA
A C
30
DID

ACAD
LEGA
CORU
37